Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas

Última versión

Inclúe a corrección de erros publicada no DOG núm. 40, do 1 de marzo de 2021. A regulación da nova tarifa X-6, relativa ao servizo de recepción de refugallos xerados por buques, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022.

Exposición de motivos

I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

II

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro, dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo. O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, en relación coas taxas sobre xogos de sorte, envite ou azar, nas modalidades de casinos, máquinas ou aparellos automáticos e bingo, establécense unhas bonificacións aplicables neste tributo para paliar os efectos que tivo no ano 2020 a pandemia provocada polo SARS-CoV-2.

Ante esta situación, cómpre establecer un beneficio fiscal que coadxuve á situación provocada neste sector. O beneficio fiscal establecido calcúlase dun xeito homoxéneo sobre o tributo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

devindicado no ano 2020 e aplicarase inmediatamente no ano 2021, unha vez que entre en vigor esta lei e coas primeiras autoliquidacións que deban presentar os suxeitos pasivos afectados.

Igualmente, modifícase o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, co establecemento de beneficios fiscais no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados na adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, está integrado por dous preceptos.

No primeiro deles, sobre taxas, por un lado prevese o mantemento dos tipos das taxas de contía fixa e, por outro, introdúcense diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes. Ademais, recóllense exencións e bonificacións excepcionais en determinadas taxas portuarias dirixidas a paliar os efectos da covid-19 respecto da hostalaría radicada nos portos dependentes da Comunidade Autónoma.

O artigo 3 introduce modificacións na regulación do canon da auga e do coeficiente de vertedura que, esencialmente, van dirixidas a prever o réxime aplicable aos usos previstos na Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, ao establecemento dunha exención como medida excepcional dirixida a paliar os efectos da covid-19 en determinados sectores, así como a precisar a redacción do número 5 do artigo 56 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, co obxecto de reiterar a previsión, xa establecida a través do número 4 do citado artigo, pola cal se determina que o coeficiente corrector de volume é de exclusiva aplicación ao tipo de gravame especial do canon da auga.

O título II, relativo ás medidas administrativas, está dividido en doce capítulos.

O capítulo I aborda diversas medidas en materia de emprego público. Por unha parte, lévanse a cabo, ademais de modificacións puntuais de carácter organizativo, outras modificacións referidas, fundamentalmente, aos permisos do persoal empregado público, que teñen por obxecto adaptar a normativa autonómica aos últimos cambios que neste eido foron introducidos na normativa básica estatal. Engádese tamén unha modificación puntual do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, que supón a redución dos prazos de toma de posesión dese persoal nos destinos obtidos en concurso de traslados, equiparándoos así ao establecido para o persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma. Concorren motivos de urxencia que xustifican a citada modificación, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira primeira, xa que a actual regulación está a dificultar a planificación da actividade e interfire no normal funcionamento das institucións sanitarias, ao tempo que detrae efectivos dispoñibles das listas de selección temporal para outros motivos de cobertura, como o reforzo de unidades por incremento da actividade asistencial, situación esta que se está a ver agravada no contexto actual por mor da crise sanitaria derivada da pandemia da covid-19 e o incremento da

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

demanda asistencial por parte dos usuarios do Sistema Público de Saúde, así como a entrada en funcionamento de novas unidades. Por outra banda, modifícase a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, coa finalidade de ampliar os supostos que dan lugar á percepción de retribucións por parte do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en concepto de mellora da prestación.

O capítulo II contén diversas disposicións en materia de medio ambiente e territorio. Introduce, en primeiro lugar, modificacións da Lei do solo que teñen como finalidade aclarar a prevalencia da aplicación da normativa sectorial cando sexa o caso, así como dotar de todas as garantías xurídicas a tramitación dos plans básicos municipais que está a promover a Comunidade Autónoma para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan con planeamento urbanístico, permitindo que tanto os plans especiais como as delimitacións de solo de núcleo rural vixentes na actualidade nos respectivos concellos poidan quedar incorporadas no dito plan, o que favorecerá a seguridade xurídica nos concellos con esas delimitacións previas. En definitiva, os axustes que se propoñen pretenden que a ordenación urbanística que resulte dos plans básicos municipais estea realmente adaptada ao territorio e non lle resulte allea, de xeito que, excepcionalmente, poderán proporse reaxustes nas ordenanzas do Plan básico autonómico en lugar de as incorporar directamente sen ter en conta a diferente realidade física dos distintos concellos.

Tamén se introducen diversas modificacións puntuais no Regulamento da Lei do solo, ao concorreren razóns de urxencia que demandan a súa adopción inmediata mediante esta lei, sen prexuízo do disposto na disposición derradeira primeira respecto das ulteriores modificacións dela. Estas modificacións pretenden axilizar a tramitación dos plans básicos municipais en beneficio dos diferentes concellos implicados, xa que, doutro xeito, o procedemento tería que quedar paralizado ata que entrasen en vigor as novas previsións e, posteriormente, se adaptasen os plans básicos a elas. A urxencia das modificacións cobra unha especial importancia no contexto actual, no que a paralización dos prazos administrativos derivada da declaración do estado de alarma pola covid-19 xa afectou de forma significativa a tramitación dos plans básicos e supuxo un importante atraso no cronograma previsto. Trátase, en definitiva, de poder continuar con todas as garantías xurídicas e coa maior celeridade posible a tramitación dos plans xa adaptados ás novas necesidades detectadas.

Inclúense, por outra banda, modificacións na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, coas que se persegue acadar unha maior precisión nas definicións recollidas na propia norma e nos procedementos de declaración de todos os espazos naturais regulados nela. Tamén se inclúen unha serie de medidas de defensa e protección en materia de xestión da Rede Natura 2000 co obxecto de aclarar a interpretación dos usos permitidos, autorizables ou prohibidos, relativos ao mantemento das redes de faixas de xestión de biomasa, así como a construción de instalacións de defensa forestal en determinadas zonas ZEC. Trátase así de minorar a vulnerabilidade das zonas que se busca protexer e poder acometer as vindeiras campañas de incendios cunhas maiores garantías para a mellora da protección e da xestión dos espazos protexidos.

Modifícase a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, no referido á resolución das peticións relativas á declaración de explotación cinexética comercial.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O capítulo III aglutina diversas medidas en materia de medio rural e modifica cinco leis.

En primeiro lugar, modifícase a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para acomodala á experiencia adquirida nos últimos anos na aplicación do réxime sancionador. Coa reforma da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais, trátase de acadar un procedemento máis áxil e inclusivo na práctica da declaración dos perímetros de alto risco de incendios (PARI) e, particularmente, no que respecta ás actuacións preventivas ao longo das vías de titularidade municipal para diminuír o risco de incendio forestal. Ademais, amplíase de quince a trinta días naturais o prazo para que os titulares dos predios ou dos dereitos de aproveitamento realicen os traballos preventivos. O novo prazo considérase necesario para que se poidan contratar e executar os traballos, xa que a experiencia amosa que o prazo anterior era insuficiente. Canto á elaboración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais, a realidade evidenciada na súa tramitación aconsella introducir esta modificación, xa que son minoría os concellos que contan con plans municipais de ordenación municipal (PXOM) adaptados á Lei 2 /2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Por outra banda, naqueles casos en que os PXOM estean en proceso de tramitación, é aconsellable posibilitar que os plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais se baseen neles, coa salvagarda de que, unha vez aprobados os primeiros, os plans poidan adaptarse á nova realidade. Respecto das modificacións da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, con elas preténdese adaptar a definición de axente forestal á recollida na lexislación básica, así como dotar o texto dunha maior coherencia e eliminar a referencia a determinadas expresións que sobreviviran a anteriores modificacións. Cámbiase, ademais, a denominación do Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta (antes Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal) co obxecto de incluír todas as agrupacións de xestión forestal conxunta. Finalmente, matízase a disposición transitoria sexta, de tal forma que se lles permita aos titulares de montes que non se acollesen a un instrumento de ordenación e xestión forestal (IOXF) antes dos prazos estipulados no número 1 poder realizar aproveitamentos madeireiros comerciais, sempre e cando se doten de tales instrumentos antes de realizaren os pretendidos aproveitamentos. As modificacións introducidas na Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, responden á necesidade de facer axustes na regulación das aldeas modelo atendendo á experiencia adquirida e engadindo a guía de ordenación produtiva como documento técnico no que se delimitan os usos produtivos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas na aldea modelo, establecendo o procedemento de tramitación e aprobación. Modifícase, igualmente, a disposición adicional sétima da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, no referido ao prazo para a realización de asembleas xerais e á prórroga do mandato das xuntas reitoras.

O capítulo IV, relativo a infraestruturas e mobilidade, afecta catro leis. Por unha banda, modifícase a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, para reflectir nela expresamente as competencias de Augas de Galicia en materia de cooperación en concordancia coa súa importancia. Modifícase tamén a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, coa finalidade fundamental de clarexar que non é exixible o requisito de dispoñer de local dedicado en exclusiva á actividade de alugamento de vehículos con condutor na concesión de autorizacións para prestar servizos de alugamento con condutor.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Polo que respecta á Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, inclúense diversas modificacións puntuais orientadas a dar unha maior seguridade xurídica e a gañar axilidade para o administrado e rebaixar a carga de traballo para as administracións. Entre elas, destacan a redución da liña límite da edificación para certas categorías a sete metros, a aclaración do punto desde onde debe medirse a zona de afección, a flexibilización do uso do dominio público viario e o dominio público adxacente (sempre baixo a premisa de protexer a integridade da estrada e a súa seguridade viaria), e o establecemento de períodos de garantía inferiores a un ano, que permitirán aos particulares ter depositadas as garantías exixidas pola normativa durante un período máis curto.

Modifícase a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas, no relativo á adaptación da explotación dos contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros.

O capítulo V inclúe a modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, no senso de cambiar a denominación dos establecementos auxiliares de cultivos mariños e recuperar a recollida en anteriores leis. Aclárase así a situación destes establecementos e insístese na súa importancia para o peche da cadea que posibilita a chegada dos produtos da acuicultura ás persoas consumidoras nas condicións hixiénico-sanitarias precisas. Tamén se recollen diversas modificacións da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, coa finalidade de acadar unha maior claridade e seguridade xurídica, así como para asumir por parte da Administración portuaria a xestión do servizo de recepción de residuos xerados por buques coa finalidade de garantir a dispoñibilidade daquel.

O capítulo VI contén a modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que permitirá a aplicación da medida de gratuidade do segundo fillo ou filla en escolas infantís ás familias con fillos menores de 3 anos e que teñen tamén fillos maiores de idade que conviven no domicilio familiar. Por outra banda, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, modifícase para mudar a denominación dos antigos plans especiais de actuación, que pasan a chamarse plans estratéxicos municipais de accesibilidade.

O capítulo VII, relativo a emprego e igualdade, introduce distintas modificacións na Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que consolidan as medidas tendentes a flexibilizar o desenvolvemento das reunións por medios telemáticos implantadas con carácter temporal no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da covid-19, e que tan necesarias resultan no contexto actual.

Ben que estas medidas melloran notablemente as posibilidades para a celebración de reunións en condicións de seguridade, non abondan para garantir en todos os casos a efectiva participación das persoas socias, tendo en conta a fenda dixital que subsiste entre a poboación máis nova e urbana, dunha banda, fronte á de idade máis avanzada e do ámbito rural, da outra. Por outro lado, a evolución recente da pandemia no territorio galego non permite aínda albiscar unha total volta á normalidade na data en que estas medidas deixen de estar en vigor. En consecuencia, ante a ausencia de previsións estatutarias ao respecto, é preciso habilitar mecanismos que faciliten o exercicio dos dereitos de participación na toma de decisións societarias por parte das persoas socias. Unha das medidas que poden axudar a este obxectivo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

é a realización por medios telemáticos, alén do período xa habilitado polo Real decreto lei 8 /2020, do 17 de marzo. Aínda que esta pode ser unha solución válida e factible para moitas cooperativas, especialmente as de menor tamaño, non o é para moitas outras, nas que o elevado número de persoas socias, a avanzada idade destas e o feito de residiren en ámbitos rurais, poden dificultar o acceso á tecnoloxía. Por iso, ademais desta posibilidade, cómpre recoller outras medidas que facilitan a participación por medio de terceiras persoas, como son a designación de representante e as asembleas de delegados, solucións que permiten reducir de forma moi significativa o número de persoas asistentes nas reunións presenciais ou que deban ter acceso aos medios tecnolóxicos para participar nas reunións. Do mesmo xeito, é preciso facilitar a realización de reunións presenciais en condicións de seguridade, habilitando a opción de utilizar instalacións dispoñibles en localidades próximas, cando non existan locais adecuados na localidade en que a cooperativa teña o seu domicilio social. Por outro lado, ben que o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, establece disposicións específicas en canto ao prazo para a adopción de acordos relativos ás contas anuais, existen numerosas decisións que deben tomarse nun prazo determinado e cuxa adopción puido verse condicionada polas restricións impostas en materia de circulación e reunión, polo que cómpre establecer un prazo para que poidan levarse a cabo en aplicación das novas medidas aprobadas nesta lei. Do mesmo modo, a imposibilidade de realizar asembleas durante o estado de alarma e os distintos estadios da nova normalidade fai necesario, en beneficio da seguridade xurídica e para non comprometer a capacidade de obrar da cooperativa, prolongar a vixencia polo tempo mínimo imprescindible daqueles cargos cuxo nomeamento caducase durante este período. Tamén se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións xerais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, coa finalidade de establecer un novo sistema de recoñecemento que unifique o procedemento de certificación dun plan de igualdade e a Marca Galega de Excelencia en Igualdade nun novo distintivo. Realízanse ademais modificacións puntuais para adaptar este texto normativo aos cambios introducidos tamén mediante esta lei en materia de permisos aos empregados públicos.

Os capítulos VIII, IX e X conteñen diversas modificacións puntuais en materia de deportes, subvencións e transparencia coa finalidade de corrixir erros e disfuncións e acadar unha maior claridade e seguridade xurídica.

O capítulo XI modifica puntualmente a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, para reflectir na norma un tipo sancionador específico de aplicación directa para cando se produzan cobramentos indebidos téndose declarado a abusividade de determinadas prácticas.

O capítulo XII introduce diversas modificacións en materia de procedemento e organización administrativos. Por unha banda, modifícase a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, para incorporar, fundamentalmente, axustes de natureza organizativa. Tamén se modifica a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, coa finalidade de acadar unha mellora na eficacia do servizo, unha adecuada economía do procedemento e unha eficiente asignación dos recursos en cumprimento do interese xeral e dos obxectivos da organización. Coa modificación da Lei 5 /2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, búscase precisar e establecer a debida correlación entre as funcións que lle corresponden á Axencia Galega de Emerxencias. A

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ten por obxecto actualizar a regulación do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, actualízanse as súas referencias normativas; adecúase a regulación á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais ao Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores, normas aparecidas con posterioridade á regulación inicial; modifícanse determinadas cuestións relativas ao nomeamento e substitución dos seus membros, co obxectivo de asegurar a cobertura dos postos e o funcionamento do Tribunal e unha maior concorrencia, tendo en conta a experiencia e regulación doutras comunidades autónomas, así como que está próxima a primeira renovación parcial á que aplicar o previsto nesta reforma; refórzase a transparencia e o control dos conflitos de intereses, ao indicar que os membros do Tribunal estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades que corresponde aos altos cargos da Xunta de Galicia; e promóvese o funcionamento do Tribunal de forma telemática e adaptada aos principios da administración dixital, con mención tamén á recente Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, e favorecer a máxima eficiencia e posibilidade de acceso dos interesados. Finalmente, introdúcese unha disposición aplicable ás fundacións de carácter feiral e coa que se pretende acadar unha maior fidelidade ao espírito da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Na súa parte final, a lei recolle cinco disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derrogatoria e catro disposicións derradeiras. A disposición adicional primeira establece un complemento persoal de mantemento das retribucións en concepto de antigüidade aplicable ao persoal laboral fixo procedente das entidades instrumentais do sector público autonómico. A disposición adicional segunda prevé unha serie de medidas especiais que teñen por obxecto garantir a celebración de procesos selectivos e de provisión no contexto da covid-19. Tamén atendendo a esta circunstancia, inclúense unha disposición adicional terceira e unha cuarta, que establecen medidas especiais, derivadas da situación de emerxencia sanitaria, en materia de listas de contratación de persoal funcionario interino ou laboral temporal e en relación cos procesos de selección de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde.

A disposición adicional quinta contén previsións específicas sobre o prazo de posta en marcha e funcionamento das emisións e pagamento da taxa de servizo de comunicación audiovisual de televisión correspondente ás adxudicacións transformadas en licenzas, afectadas por diversas circunstancias que teñen condicionado o normal desenvolvemento e viabilidade dos proxectos correspondentes aos servizos de comunicación audiovisual de televisión, en particular, daqueles de ámbito autonómico e local, tal e como se concibiran orixinariamente.

Así, os cambios operados no panorama audiovisual desde o outorgamento dos títulos administrativos, as secuelas que aínda arrastra o sector audiovisual como consecuencia da grave crise económica, coa correspondente redución e concentración dos investimentos publicitarios, a aparición dun número considerable de canles de televisión tradicionais de ámbito estatal, que non existían no tempo en que se adxudicaron as canles autonómicas e locais, así como tamén a transformación tecnolóxica dos medios de comunicación coa irrupción

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

de novas plataformas televisivas multinacionais, son circunstancias coas que resulta extraordinariamente difícil competir.

Esta situación viuse agravada actualmente pola irrupción da pandemia provocada pola covid-19, cuxa incidencia afecta de maneira determinante o tecido empresarial, neste caso o do sector dos servizos de comunicación audiovisual de televisión, non sendo oportuno adoptar nestes momentos medidas que puidesen afectar os activos e o patrimonio das empresas, por seren contraproducentes para a súa subsistencia e o seu desenvolvemento, polo que é aconsellable ampliar en dous anos o prazo previsto na disposición adicional terceira da Lei 2 /2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación do servizo de comunicación audiovisual de televisión.

A disposición transitoria única prevé un réxime de aplicación á Certificación Galega de Excelencia en Igualdade derivado das modificacións introducidas ao respecto nesta lei.

Por último, a lei recolle a derrogación expresa de disposicións concretas, así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

Esta lei axústase así aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responderen as medidas previstas nela á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao se recolleren na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación como exixe o principio de transparencia, e ao se introduciren a través dela, conforme o principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei de medidas fiscais e administrativas.

TÍTULO I Medidas fiscais

CAPÍTULO I Tributos cedidos

Artigo 1. Bonificación da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar

1. Establécense as seguintes bonificacións da taxa sobre xogos de sorte, envite ou azar:

a) Casinos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Os suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade casinos, poderán aplicar unha bonificación que acadará o importe equivalente ao 20 % da débeda tributaria devindicada correspondente ao período impositivo do ano 2020.

A aplicación da bonificación deberán realizala na primeira autoliquidación correspondente ao ano 2021 que presenten en período voluntario, sen que esta poida ser negativa. No caso de que non puideren aplicar a bonificación de xeito completo por ser superior o seu importe ao importe a ingresar da autoliquidación, a cantidade que reste aplicarana nas subseguintes autoliquidacións ata esgotala.

No caso de que o suxeito pasivo non tiver que presentar ningunha autoliquidación polo período impositivo do ano 2021, poderá solicitar a rectificación da autoliquidación presentada na que se determinase a débeda tributaria correspondente á actividade desenvolvida no ano 2020.

b) Máquinas ou aparellos automáticos.

Os suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos, poderán aplicar unha bonificación que acadará o importe equivalente ao 30 % da cota trimestral devindicada no terceiro trimestre do ano 2020, sempre que estivesen en situación de alta nalgún día do dito período.

Os suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade máquinas ou aparellos automáticos, poderán aplicar unha bonificación que acadará o importe equivalente ao 30 % da cota trimestral devindicada no cuarto trimestre do ano 2020, sempre que estivesen en situación de alta nalgún día do dito período.

A aplicación das bonificacións que procedan deberán realizala, de forma acumulada de ser o caso, na primeira autoliquidación correspondente ao ano 2021 que presenten en período voluntario, sen que esta poida ser negativa. Caso de non poderen aplicar as bonificacións de forma completa por ser superior o seu importe ao importe a ingresar da autoliquidación, a cantidade que reste aplicarana nas subseguintes autoliquidacións ata esgotala.

No caso de que o suxeito pasivo non tiver que presentar ningunha autoliquidación polo período impositivo do ano 2021, poderá solicitar a rectificación da autoliquidación presentada correspondente ao terceiro e/ou ao cuarto trimestre do ano 2020.

c) Bingo.

Os suxeitos pasivos da taxa fiscal sobre xogos de sorte, envite ou azar, modalidade bingo, poderán aplicar unha bonificación que acadará o importe equivalente ao 20 % da débeda tributaria devindicada correspondente ao período impositivo do ano 2020.

A aplicación da bonificación deberán realizala na primeira autoliquidación correspondente ao ano 2021 que presenten en período voluntario, sen que esta poida ser negativa.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

No caso de que non puideren aplicar a bonificación de xeito completo por ser superior ao importe a ingresar da autoliquidación, a cantidade que reste aplicarana nas subseguintes autoliquidacións ata esgotala.

No caso de que o suxeito pasivo non tiver que presentar ningunha autoliquidación polo período impositivo do ano 2021, poderá solicitar a rectificación da autoliquidación presentada na que se determinase a débeda tributaria correspondente á actividade desenvolvida no ano 2020.

2. Habilítase a persoa titular da consellaría competente en materia de facenda para ditar as disposicións necesarias para a aplicación das bonificacións establecidas neste artigo. Así mesmo, a persoa titular da dirección da Axencia Tributaria de Galicia poderá actualizar, de ser necesario, os modelos de autoliquidación da taxa fiscal sobre os xogos de sorte, envite e azar co fin de adaptalos á regulación das ditas bonificacións, e ditar as instrucións para completalos, mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 2. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Un. Engádese un número oito ao artigo 14 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

«Oito. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente se encontre nalgunha das situacións de violencia de xénero descritas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2. A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na lei sinalada no apartado anterior.

3. Que o prezo da vivenda non exceda os 150.000 euros.

4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

5. No caso de que o inmoble fose adquirido por varias persoas e non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Dous. Engádese un novo apartado oito ao artigo 15 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

«Oito. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero.

Na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento será do 0,5 %, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente se encontre nalgunha das situacións de violencia de xénero descritas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2. A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na lei sinalada no apartado anterior.

3. Que o prezo da vivenda non exceda os 150.000 euros.

4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

5. No caso de que o inmoble fose adquirido por varias persoas e non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.».

Tres. O apartado sete do artigo 16 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda redactado como segue:

«Sete. Dedución por adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais.

Os contribuíntes que teñan dereito a aplicar os tipos de gravame reducidos regulados nos apartados Tres, Catro, Cinco e Oito do artigo 14 terán dereito a unha dedución na cota do 100 % sempre que a vivenda se encontre nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Para estes efectos, unha orde da consellaría competente en materia de facenda determinará as parroquias que teñan esta consideración.».

Catro. O apartado oito do artigo 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda redactado como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«Oito. Dedución por adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por persoas con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais.

Os contribuíntes que teñan dereito a aplicar os tipos de gravame reducidos regulados nos apartados Tres, Catro, Cinco e Oito do artigo 15 terán dereito a unha dedución na cota do 100 % sempre que a vivenda se encontre nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Para estes efectos, unha orde da consellaría competente en materia de facenda determinará as parroquias que teñan esta consideración.».

CAPÍTULO II Tributos propios

Artigo 3. Taxas

1. Os tipos das taxas de contía fixa vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia non experimentarán ningunha actualización respecto ás contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei.

Considéranse taxas de contía fixa cando non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base ou esta non se valora en unidades monetarias.

2. A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Engádese un novo apartado no número 5 do artigo 23, que queda redactado como segue:

«– As vítimas do terrorismo, entendendo por tales, para os efectos regulados neste artigo, as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.».

Dous. No número 4 do artigo 26, o apartado relativo á tarifa E-2 queda modificado como segue:

«– Na tarifa E-2, a utilización de explanadas, alpendres, pendellos, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, non explotados en réxime de concesión ou autorización do dominio público portuario definida no artigo 59 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.».

Tres. No número 6 do artigo 27, os apartados relativos ás tarifas X-4 e X-5 quedan modificados como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«– Da tarifa X-4, o armador do buque, consignatario ou quen na súa representación realice a primeira venda, así como os depositarios ou os responsables designados, cando con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo se acordase a retención, a conservación ou o depósito dun buque, da mercadoría ou dos medios de transporte ou carga na zona de servizo dun porto.

O suxeito pasivo deberá facer repercutir o importe da tarifa X-4 sobre o primeiro comprador da pesca, de o haber, polo que este queda obrigado a soportar a devandita repercusión, que se fará constar de maneira expresa e separada na factura ou no documento equivalente. As controversias que se susciten entre o suxeito pasivo e o comprador repercutido serán da competencia da Xunta Superior de Facenda.

– Da tarifa X-5, con carácter solidario, o titular da embarcación ou o seu representante autorizado e, de ser o caso, o titular do dereito de uso preferente do amarre ou da ancoraxe, así como os depositarios ou os responsables designados, cando con ocasión dun procedemento xudicial ou administrativo se acordase a retención, a conservación ou o depósito dun buque, da mercadoría ou dos medios de transporte ou carga na zona de servizo dun porto.

Nas zonas de concesión ou autorización cuxo titular se subrogue na obriga dos suxeitos pasivos, nos termos establecidos na regra décimo primeira, letra b), desta tarifa X-5, o titular da concesión ou autorización será o substituto do contribuínte e terá que cumprir no lugar daquel as obrigas formais e materiais derivadas da obriga tributaria.».

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 30, que queda redactado como segue:

«1. Polos servizos xerais e específicos establecidos na tarifa 99 da modalidade de actuacións profesionais:

a) Nas tarifas xerais, os barcos de guerra e as aeronaves militares nacionais. Igualmente, os estranxeiros que, en réxime de reciprocidade, non realicen operacións comerciais e sempre que a súa visita teña carácter oficial ou de arribada forzosa.

b) Nas tarifas xerais, as embarcacións dedicadas polas administracións públicas a labores de vixilancia, investigación, protección e rexeneración costeira, represión do contrabando, salvamento, loita contra a contaminación marítima, ensinanzas marítimas e, en xeral, as misións oficiais da súa competencia.

c) Nas tarifas xerais, o material e as embarcacións da Cruz Vermella Española dedicadas aos labores propios que ten encomendados esta institución.

d) Na tarifa específica E-2, pola utilización das instalacións portuarias por parte da Administración do Estado e das administracións locais, cando se trate de actividades encadradas dentro das súas finalidades públicas, que impliquen a ocupación de superficie descuberta para a instalación de equipamentos urbanos e ornamentais, de seguridade ou de protección ou mellora do medio ambiente, sempre e cando esta superficie siga quedando

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

afecta ao uso público portuario de uso xeral non exclusivo e non sexa obxecto de explotación económica directa ou indirecta. Quedan excluídas desta exención aquelas ocupacións vinculadas á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas.».

Cinco. Engádese un novo número 6 no artigo 30 coa seguinte redacción:

«6. Quedarán exentos da taxa do apartado 21 da tarifa 30 relacionada no anexo 2 os suxeitos pasivos que teñan a condición de entidades ou asociacións de carácter ambiental, cultural, educativo ou deportivo e, en xeral, todas aquelas que, sen ánimo de lucro, aínda que carezan de personalidade xurídica, realicen actuacións voluntarias de mantemento e conservación do dominio público hidráulico, das definidas no número 1 da disposición adicional segunda do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Para o recoñecemento desta exención bastará con que se achegue, xunto coa declaración responsable, un documento acreditativo do cumprimento dos requisitos sinalados.».

Seis. Modifícase a subalínea 17 da alínea 07 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«Homologación e inscrición de modelos doutros aparellos de xogo 234,61»

Sete. Modifícase a subalínea 18 da alínea 07 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«Homologación de fichas, tarxetas magnéticas prepagamento ou outros soportes físicos autorizados para máquinas tipo «C», «B» e «B especial». 234,61»

Oito. Elimínase a subalínea 07 da alínea 09 do anexo 1.

Nove. Modifícase a subalínea 07 da alínea 11 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«Homologación e autorización de uso de material de xogo de casino. 212,52»

Dez. Modifícase a subalínea 00 da alínea 13 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«Rifas, tómbolas e lotarías».

Once. Elimínase o apartado g) da subalínea 02 da alínea 17 do anexo 1.

Doce Modifícase a subalínea 03 da alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«Establecementos e lugares de apostas:

– Autorización de tendas de apostas (por cada tenda) 1.062,6

– Modificación ou cancelación de tendas de apostas 170,02

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

– Autorización de instalación de espazos de apostas en salóns de xogo, bingos, casinos, recintos deportivos e autorización temporal en actividades feirais. Por cada máquina instalada 106,26

– Modificación ou extinción da autorización 106,26»

Trece. Modifícase a subalínea 09 da alínea 04 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Rexistro Oficial de Operadores Profesionais de Vexetais:

– Inscrición no Rexistro Oficial de Operadores Profesionais de Vexetais 63,76

– Toma de mostras para a súa análise en laboratorio, por cada mostra 6,38

– Inspección oficial para a autorización da emisión do pasaporte fitosanitario 31,88»

Catorce. Modifícase o primeiro parágrafo da subalínea 01 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«Actuacións sanitarias de control, vixilancia ou outras realizadas por incumprimento da normativa de aplicación ou por perda de identificación do gando, por realización de probas diagnósticas de programas oficiais fóra do período de revisión, así como as realizadas para a obtención e mantemento da cualificación sanitaria en cebadeiros de bovino.».

Quince. Modifícase o primeiro parágrafo da subalínea 04 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«Expedición de documentación oficial sanitaria de movemento, nacional ou intracomunitario, de animais vivos e produtos de orixe animal procedentes da gandaría ou da acuicultura, agás que sexa realizada de forma telemática a través das aplicacións informáticas habilitadas accesibles nas consellarías competentes en materia de gandaría ou acuicultura, a través da aplicación do sistema Traces ou que os operadores a obteñan directamente a través destas aplicacións.».

Dezaseis. Modifícase a subalínea 08 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Inspección, toma de mostras ou realización de informes técnicos a petición de parte de industrias, explotacións ou operadores comerciais de gando ou acuicultura non previstos nos programas oficiais:

– Sen saír ao campo, a industria, establecemento ou explotación 30,52

– Con saída ao campo, a industria, establecemento ou explotación 172,35

– De ser necesario saír máis dun día, por cada día de máis 141,92»

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Dezasete. Modifícase a subalínea 09 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Autorización, rexistro e renovación de autorizacións de operadores comerciais, transportistas, medios de transporte ou contedores de gando ou de animais acuáticos e de centros de concentración de gando:

– Autorización e rexistro inicial (excepto a autorización de centros de concentración de gando) 10,26

– Renovación (excepto a autorización de centros de concentración de gando) 10,26

– Expedición da acreditación de operador comercial (carné de tratante) 10,26

– Expedición de duplicado da acreditación de operador comercial (carné de tratante), autorización de transportista, medios de transporte ou contedores de gando ou de animais acuáticos 3,15

– Autorización de centros de concentración de gando 113,88»

Dezaoito. Modifícase a subalínea 14 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Solicitude de concesión de cualificación sanitaria de explotacións de gando e animais acuáticos. 20,40»

Dezanove. Suprímese a subalínea 15 da alínea 07 do anexo 2.

Vinte. Modifícase a subalínea 16 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Autorización de veterinario para a expedición de autorizacións de traslado de animais:

– Por autorización 20»

Vinte e un. Modifícase a subalínea 22 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«– Expedición de duplicados de documentos de identificación de gando bovino (DIB) por perdas ou procedencia doutros países comunitarios 2,35

– Expedición con modificación de datos na base de datos de animais por erros na colocación de marcas auriculares, declaracións erróneas de nais, datas de nacementos ou outros erros imputables ás persoas gandeiras 3,00»

Vinte e dous. Modifícase a subalínea 33 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«Autorización e/ou rexistro de explotacións avícolas, cunícolas, porcinas, apícolas e de peletaría, agás as de tipo autoconsumo (porcino, avicultura e apicultura), reducidas (porcino) e artesanais (avicultura):

– Pola xestión e tramitación do expediente de rexistro completo, incluíndo as visitas de inspección correspondentes 106,26

– Pola xestión e tramitación do expediente de rexistro completo, incluíndo as visitas de inspección correspondentes en explotacións de apicultura distintas de autoconsumo (increméntase en 15 euros por cada asentamento a partir do primeiro existente ata un máximo de 85 euros) 25,00

– Pola xestión e tramitación de expedientes de ampliación, modificación da primeira inscrición ou exencións previstas na normativa de aplicación, incluíndo as visitas de inspección correspondentes 53,14»

Vinte e tres. Engádese unha nova subalínea 34 na alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Autorización e rexistro do sistema de produción en fases en gando porcino 25,00»

Vinte e catro. Engádese unha nova subalínea 35 na alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Autorización e rexistro de entidades integradoras en producións gandeiras 25,00»

Vinte e cinco. Engádese unha nova subalínea 36 na alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Supervisión de toma de mostras para expedición de certificados de exportación 70,00»

Vinte e seis. Engádese unha nova subalínea 37 na alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Supervisión de corentena de animais de compañía procedentes de países terceiros 30,00»

Vinte e sete. Modifícase a denominación do apartado 01 da subalínea 01 da alínea 24 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«01. SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA EN ONDAS MÉ- TRICAS CON MODULACIÓN DE FRECUENCIA».

Vinte e oito. Engádese un apartado 03 na subalínea 01 na alínea 24 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«03. SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA DIXITAL TERRESTRE LOCAL E AUTONÓMICA.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

TAXAS POR LICENZA, SEGUNDO AS DEMARCACIÓNS TERRITORIAIS DA RADIODIFUSIÓN SONORA DIXITAL TERRESTRE LOCAL EN GALICIA.

REFERENCIA	Denominación	TAXA (€)
CL01C	Coruña	12.152
CL02C	Coruña	12.152
CL03C	Santiago de Compostela	5.657
CL04C	Ribeira	2.893
CL05C	Carballo	1.180
CL06C	Pontes de García Rodríguez	408
CL01LU	Lugo	4.176
CL02LU	Monforte de Lemos	863
CL03LU	Fonsagrada	290
CL04LU	Viveiro	1.238
CL05LU	Vilalba	352
CL01OU	Ourense	4.902
CL02OU	Verín	790
CLO3OU	Barco de Valdeorras	726
CL01PO	Pontevedra	14.568
CL02PO	Pontevedra	14.568
CL03PO	Estrada	1.236
CL04PO	Ponteareas	1.387

RADIODIFUSIÓN SONORA DIXITAL TERRESTRE AUTONÓMICA EN GALICIA.

Referencia	Denominación	Taxa (€)
FU-GAL	Galicia (frecuencia única)	47.029
MF-GAL	Galicia (multi-frecuencia)	47.029

Vinte e nove. Modifícase a subalínea 02 da alínea 24 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Arrendamento, e as súas sucesivas prórrogas, de licenzas para prestadores de servizo de comunicación audiovisual: 50 % sobre a taxa resultante da adxudicación da licenza».

Trinta. Modifícase a subalínea 01 da alínea 44 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«Análises de biotoxinas mariñas en moluscos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura:

– Análise de toxinas lipofílicas por cromatografía líquida con detección de espectrometría de masas (LC-MS/MS). 101,16

– Análise de toxicidade tipo ASP por cromatografía líquida de alta eficacia segundo o método da AOAC 50,50

– Análise combinada nunha mesma mostra de toxinas lipofílicas por cromatografía líquida con detección de espectrometría de masas (LC-MS/MS), análise de toxicidade tipo PSP por

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

cromatografía líquida de ultra-alta eficacia con detector de fluorescencia (UHPLC-FLD) segundo o método oficial AOAC 2005.06 e análise de toxicidade de tipo ASP por cromatografía liquida de alta eficacia segundo o método da AOAC 200,40

– Análise de toxinas PSP mediante cromatografía líquida de ultra-alta eficacia con detector de fluorescencia (UHPLC-FLD) segundo o método oficial da AOAC-2005.06 122,36

Trinta e un. Engádense os seguintes apartados na subalínea 04 da alínea 44 do anexo 2 co seguinte teor:

«– Análise de PCB e pesticidas por cromatografía de gases/espectrometría de masas en tándem, GC-MS/MS 489,5

- Análise de PCB por cromatografía de gases/espectrometría de masas en tándem, GCMS/MS. 311,97

–Análise de pesticidas por cromatografía de gases/espectrometría de masas en tándem, GC-MS/MS» 311,97

Trinta e dous. Modifícase a subalínea 13 da alínea 29 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Inscrición no Rexistro de direccións facultativas de actividades mineiras. 13,65»

Trinta e tres. Engádese a subalínea 18 da alínea 29 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Inscrición no Rexistro de solicitudes de dereitos mineiros 20,96»

Trinta e catro. Modifícase a alínea 68 do anexo 3 nos seguintes termos:

«68. Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, por metro cúbico de auga captado. 0,024»

Trinta e cinco. Modifícase o número Un do apartado VI, relativo ás exencións e bonificacións na alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«Un. Non se concederán bonificacións nin exencións no pagamento destas tarifas, agás as previstas nas regras da súa aplicación. No entanto, quedan exentos do pagamento das tarifas xerais e específicas:

1º) Nas tarifas xerais, os barcos de guerra e as aeronaves militares nacionais. Do mesmo xeito, os estranxeiros que, en réxime de reciprocidade, non realicen operacións comerciais e sempre que a súa visita teña carácter oficial ou de arribada forzosa.

2º) Nas tarifas xerais, as embarcacións dedicadas polas administracións públicas a labores de vixilancia, investigación, protección e rexeneración costeira, represión do contrabando,

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

salvamento, loita contra a contaminación marítima, ensinanzas marítimas e, en xeral, as misións oficiais da súa competencia.

3º) Nas tarifas xerais, o material e as embarcacións da Cruz Vermella Española dedicadas aos labores propios que ten encomendados esta institución.

4º) Na tarifa especifica E-2, pola utilización das instalacións portuarias por parte da Administración do Estado e das administracións locais, cando se trate de actividades encadradas dentro das súas finalidades públicas, que impliquen a ocupación de superficie descuberta para a instalación de equipamentos urbanos e ornamentais, de seguridade, ou de protección ou mellora do medio ambiente, sempre e cando esta superficie siga quedando afecta ao uso público portuario de uso xeral non exclusivo e non sexa obxecto de explotación económica directa ou indirecta. Quedan excluídas desta exención aquelas ocupacións vinculadas á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas.».

Trinta e seis. Suprímese o número 5 da regra cuarta da tarifa X-1 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3.

Trinta e sete. Modifícase o primeiro parágrafo da regra segunda da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Segunda. Son suxeitos obrigados ao pagamento o armador do buque, consignatario, ou quen na súa representación realice a primeira venda. O suxeito pasivo deberá facer repercutir o importe da tarifa X-4 sobre o primeiro comprador da pesca, de o haber, polo que este queda obrigado a soportar a devandita repercusión, que se fará constar de maneira expresa e separada na factura ou no documento equivalente.».

Trinta e oito. Modifícase a regra novena da tarifa X-4 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Novena. O suxeito pasivo obrigado ao pagamento deberá presentar para a liquidación desta tarifa, antes de empezar a descarga, a carga ou o transbordo, ou, en todo caso, antes de abandonar o porto, unha declaración ou un manifesto de pesca, onde se indicará o peso de cada unha das especies que se van manipular.

Se a actividade de lonxa está xestionada mediante concesión ou autorización de ocupación de dominio público, o titular estará obrigado a declarar os datos de base para practicar as liquidacións e aboar a correspondente cantidade a Portos de Galicia, tendo a condición de substituto do contribuínte.

Preferentemente, Portos de Galicia realizará a liquidación da tarifa aplicable á pesca sobre a base dos datos obtidos de xeito telemático pola consellaría competente en materia de mar ou polo titular da concesión ou autorización. Non obstante, se non for posible practicar a liquidación deste modo, o titular da concesión ou autorización deberá remitir mensualmente a Portos de Galicia, co formato que este determine, a documentación necesaria para practicar a dita liquidación, que consistirá nunha relación detallada do importe das vendas efectuadas por cada embarcación ou mariscador a pé, durante o mes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Como substituto do contribuínte, a entidade xestora da lonxa será beneficiaria dunha redución, que poderá repercutir total ou parcialmente aos suxeitos pasivos da taxa, motivada pola carga derivada pola súa xestión de cobramento, do 0,040 por 100, que se aplicará sobre o importe das vendas efectuadas no período correspondente.

Trinta e nove. Modifícase a letra b) da regra sétima da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«b) Para embarcacións con base no porto, por semestres adiantados para o ano 2021. A domiciliación bancaria poderá ser exixida por Portos de Galicia de o considerar conveniente para a xestión tarifaria das instalacións.».

Corenta. Engádese unha nova tarifa X-6 na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

TARIFA X-6. SERVIZO DE RECEPCIÓN DE REFUGALLOS XERADOS POR BUQUES.

Primeira. O feito impoñible desta tarifa abrangue a dispoñibilidade do servizo de recepción de refugallos de carga xerados por buques, e, de ser o caso, a súa prestación efectiva, e a dita taxa seralles aplicable, na contía e nas condicións que se indican máis adiante, a todos os barcos que entren nas augas do porto.

O feito impoñible da taxa incluirá, así mesmo, a emisión do certificado pola prestación do servizo de recepción de refugallos segundo o disposto no Convenio internacional para previr a contaminación polos buques, do 2 de novembro de 1973 (convenio MARPOL), pola escala ou o período incluído no servizo segundo a súa tipoloxía.

Segunda. A devindicación desta taxa producirase cando a embarcación entre nas augas do porto desde a data de autorización, ou, no seu defecto, cando sexa detectada a súa presenza.

Terceira. Son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento desta tarifa os armadores ou os seus representantes ou os consignatarios dos barcos que entren nas augas do porto pola dispoñibilidade dos servizos, pola súa prestación efectiva ou pola emisión dos certificados correspondentes.

Para as embarcacións deportivas e de lecer, serán suxeitos pasivos, con carácter solidario, o titular da embarcación ou o seu representante autorizado e, de ser o caso, o titular do dereito de uso preferente do amarre ou da ancoraxe. Nas instalacións incluídas no ámbito dunha concesión ou autorización na cal se prevexa a obriga de prestar o servizo de recepción de refugallos, Portos de Galicia garantirá a súa efectiva prestación por parte do xestor da instalación e emitirá o certificado correspondente, sendo neste caso o importe da taxa o 10 % da contía indicada na regra quinta.

Para as embarcacións do sector de acuicultura, cando se adhiran a un convenio por pertenza a unha asociación profesional do sector, a asociación será o substituto do contribuínte e terá que cumprir no lugar daquel as obrigas formais e materiais derivadas da obriga tributaria.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Son responsables subsidiarios do pagamento da tarifa o capitán da embarcación e o seu patrón habitual.

Cuarta. As bases para a liquidación desta tarifa serán, para os buques mercantes e os pesqueiros con bandeira non española, agás que acrediten estes últimos a base ou operen habitualmente nun porto dependente de Portos de Galicia, os metros cúbicos de refugallos retirados, e, para as restantes embarcacións, a eslora máxima en función do tipo de embarcación.

Quinta. A contía da tarifa será a seguinte:

a) Para os buques mercantes e os pesqueiros con bandeira non española, agás que acrediten estes últimos a base ou operen habitualmente nun porto dependente de Portos de Galicia, por cada unha das escalas que realicen nas que soliciten a recollida de refugallos do anexo I e /ou anexo IV incluídos no Convenio internacional para previr a contaminación polos buques, do 2 de novembro de 1973 (convenio MARPOL), o importe da taxa será a resultante de aplicar os seguintes importes ao volume realmente recollido en cada servizo prestado:

1. Recollida de refugallos do anexo I.

Unha contía fixa de 555 €/servizo polos primeiros 5 m3.

Por cada m3 en exceso, sobre os primeiros 5 m3, incrementarase 92,5 € por cada m3.

2. Recollida de refugallos do anexo IV.

Por cada m3 aplicarase unha contía de 144 €/m3.

No suposto de que o buque non solicite nin o servizo de recepción de refugallos do anexo I nin do anexo IV incluídos no convenio MARPOL, independentemente do volume de refugallos recepcionados do anexo V do mesmo convenio, aplicarase unha contía fixa de 90 € por escala.

b) Para embarcacións pesqueiras e do sector da acuicultura, que teñan base ou operen habitualmente nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas:

Para embarcacións pesqueiras:

–Se eslora 10 m: 53,88 €/ano.

–Se eslora gt; 10 m e 15 m : 70,05 €/ano.

–Se eslora gt; 15 m e 20 m : 107,77 €/ano.

–Se eslora gt; 20 m e 25 m : 161,65 €/ano.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

–Se eslora gt; 25 m: 269,41 €/ano.

Para as embarcacións auxiliares de acuicultura:

–Se eslora 10 m: 69,40 €/ano.

–Se eslora gt; 10 m: 104,10 €/ano.

A tarifa liquidarase anualmente por adiantado.

Para as embarcacións pesqueiras liquidarase empregando os datos das embarcacións de base nos portos dependentes de Portos de Galicia, e, no seu defecto, poderá empregarse o rexistro de embarcacións pesqueiras de Galicia, elaborado pola consellaría competente en materia de mar.

Para as embarcacións do sector de acuicultura que se adhiran a un convenio anual descrito na regra decima da tarifa X-1, décimo quinta da tarifa X-2 e décima da tarifa X-3, por pertenza a unha asociación profesional do sector, a liquidación da taxa X-6 poderase incluír no citado convenio.

Para as embarcacións pesqueiras e do sector da acuicultura que non teñan base nin operen habitualmente nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas por escala:

Para embarcacións pesqueiras:

– Se eslora 10 m: 16,84 €/escala.

– Se eslora gt; 10 m e 15 m : 21,89 €/escala.

– Se eslora gt; 15 m e 20 m : 26,94 €/escala.

– Se eslora gt; 20 m e 25 m : 50,51 €/escala.

– Se eslora gt; 25 m: 84,19 €/ano.

Para as embarcacións auxiliares de acuicultura:

– Se eslora 10 m: 21,69 €/escala.

– Se eslora gt; 10 m: 32,53 €/escala.

O certificado emitido pola escala da embarcación de paso polo porto terá validez por tres meses en calquera porto dependente de Portos de Galicia nese período.

c) Para as embarcacións deportivas e de lecer, con base nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

– Se eslora 8 m: 6,20 €/semestre.

– Se eslora gt; 8 m é 12 m: 18,59 €/semestre.

– Se eslora gt; 12 m: 22,31 €/semestre.

A liquidación realizarase conxuntamente coa tarifa X-5 por semestres (1º e 2º semestre do ano) adiantados.

No caso de embarcacións deportivas e de lecer que non teñan a condición de embarcacións de base en ningún porto dependente de Portos de Galicia, aplicarase por cada escala a seguinte contía:

– Se eslora 8 m 1,29 €/escala.

– Se eslora gt; 8 m e 12 m: 3,87 €/escala.

– Se eslora gt; 12 m: 4,65 €/escala.

O certificado emitido pola escala da embarcación de paso polo porto terá validez por un mes en calquera porto dependente de Portos de Galicia nese período.

A liquidación realizarase, segundo a declaración realizada polo xestor a Portos de Galicia, consonte o procedemento e formato que sinale Portos de Galicia.

Se a embarcación que entre nas augas portuarias recala nunha instalación náuticodeportiva cuxo título administrativo de concesión ou autorización inclúa a obriga de prestar o servizo de recollida de refugallos incluído no convenio MARPOL, o xestor da instalación realizará a prestación do servizo con medios propios e emitirá o certificado pola escala correspondente.

Neste caso, tanto para as embarcacións de base como de paso polo porto, o xestor da instalación subrogarase na obriga dos suxeitos pasivos no relativo á tarifa X-6, e será de aplicación, en ambos os casos, una redución do 90 % a favor do xestor da instalación, que se aplicará sobre o importe total da tarifa, que poderá repercutila aos suxeitos pasivos desta por mor da carga derivada pola prestación do servizo e subrogación do pagamento.

d) Para embarcacións destinadas ao tráfico de pasaxeiros interior ou de ría, ou calquera outra, que non estean incluídas nos supostos anteriores e que teñan base ou operen habitualmente nun porto dependente de Portos de Galicia, aplicaranse as seguintes contías fixas:

– Se eslora 15 m: 120,28 €/ano.

– Se eslora gt; 15 m: 240,55 €/ano.

A tarifa liquidarase anualmente por adiantado.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

No caso das restantes embarcacións desta tipoloxía que non teñan base ou operen habitualmente nun porto de Portos de Galicia aplicaranse por cada escala as seguintes contías:

– Se eslora 15 m: 37,59 €/escala.

– Se eslora gt; 15 m: 75,17 €/escala.

O certificado emitido pola escala da embarcación de paso polo porto terá validez por tres meses en calquera porto dependente de Portos de Galicia nese período.

Sexta. O aboamento da taxa X-6 nun porto dependente de Portos de Galicia, polos períodos indicados na regra quinta da presente tarifa en función da tipoloxía da embarcación, exime do pagamento da tarifa noutro porto dependente de Portos de Galicia nese período, pola dispoñibilidade ou prestación do servizo de recollida de refugallos de carga xerados por buques.

Corenta e un. Modifícase a regra primeira da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Primeira. Esta tarifa abrangue a utilización das instalacións portuarias, incluíndo as súas explanadas, alpendres, pendellos, almacéns, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, e a lámina de auga por artefactos ou estruturas flotantes que non teñan consideración de barco, non explotados en réxime de concesión ou autorización de ocupación de dominio público.».

Corenta e dous. Modifícase a relación de portos da zona sur prevista na regra quinta da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Zona sur: Sanxenxo, Pontevedra, Aldán, Meira, Domaio, Meloxo, Baiona, A Guarda, Vilaxoán, Cambados-Tragove e Pedras Negras.».

Corenta e tres. Modifícase a regra novena da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Novena. A ocupación de superficies portuarias requirirá a autorización previa de Portos de Galicia. No caso de ocupación de superficie sen contar con esta autorización, a tarifa que se aplicará durante o prazo de ocupación será o quíntuplo da que con carácter xeral lle correspondería, sen prexuízo de que Portos de Galicia poida proceder á retirada dos materiais depositados, polo que pasará o correspondente cargo e en todo caso o valor deles responderá dos gastos de transporte e almacenaxe.».

Corenta e catro. Modifícase a regra décima da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décima. A utilización das superficies consonte esta tarifa implica a obriga para o usuario de que, cando sexan retiradas as mercadorías ou os elementos, a superficie liberada deberá

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

quedar nas mesmas condicións de conservación e limpeza que tiña cando se ocupou, e se non se fixo así Portos de Galicia poderao efectuar polos seus propios medios, do que pasará o cargo correspondente. As mercadorías serán depositadas na forma e coa orde e altura de estiba que determine Portos de Galicia, de acordo coas disposicións vixentes, observándose as precaucións necesarias para asegurar a estabilidade das moreas acomodadas.».

Corenta e cinco. Modifícase a regra décimo terceira da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo terceira. A forma de medir os espazos ocupados coas mercadorías ou cos elementos será polo rectángulo circunscrito exteriormente á partida total de mercadorías ou elementos depositados, definido de forma que dous dos seus lados sexan paralelos ao cantil do peirao e os outros dous normais a este, arredondando o número de metros cadrados que resulte para obter o número inmediato sen decimais. Do mesmo xeito se procederá en pendellos e almacéns, para o que servirán de referencia os seus lados.

No suposto doutras ocupacións que non se produzan nas inmediacións do cantil Portos de Galicia realizará, mediante a medición do rectángulo circunscrito que xere a ocupación, incluíndo nese rectángulo as áreas de manobra e tránsito que sexan necesarias para a manipulación da mercadoría ou dos elementos depositados, arredondando o número de metros cadrados que resulte para obter o número inmediato sen decimais.

No suposto de ocupacións vinculadas a un título administrativo de utilización das instalacións portuarias emitido con carácter previo á súa realización, a superficie será a autorizada, sen prexuízo de que por parte de Portos de Galicia se poidan realizar os axustes, as comprobacións e modificacións oportunas, e se liquide tomando como base a ocupación real.».

Corenta e seis. Modifícase a regra décimo novena da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Décimo novena. Nas superficies ocupadas por mercadorías desembarcadas tomarase como base da liquidación a superficie ocupada ao final da operación de descarga, medida segundo se establece na regra décimo terceira.

Portos de Galicia, atendendo á mellor xestión da tarifa e á racionalidade da explotación, decidirá contabilizar a superficie por partidas ou ben polo cargamento completo.

Esta superficie irase reducindo ao levantar a mercadoría, para os efectos do aboamento, por cuartas partes, co que se tomará a totalidade mentres non se levante o 25 % da superficie ocupada; o 75 % cando alcance o 25 %, sen chegar ao 50 %; o 50 % cando exceda do 50 %, sen chegar ao 75 %, e o 25 % cando exceda do 75 %, e ata a total liberación da superficie ocupada. En todo caso, este último cuarto deberase contabilizar sempre por partidas. De o considerar necesario, Portos de Galicia poderá establecer outro sistema de medición con distintas gradacións, ou ben continuo, en función do proceso de levantamento da mercadoría.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Nas superficies ocupadas por mercadorías con destino a seren embarcadas aplicaranse criterios de gradación crecentes similares aos anteriormente sinalados para as mercadorías desembarcadas.

En calquera caso, só se poderá considerar unha superficie libre, para os efectos desta tarifa, cando quede nas mesmas condicións de conservación e limpeza en que se ocupou e sexa accesible e útil para outras ocupacións.».

Corenta e sete. Modifícase a letra b) da regra quinta da tarifa E-3 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«b) As contías da taxa para as restantes instalacións:

As bases de cálculo da taxa portuaria defínense segundo os conceptos de enerxía establecidos en referencia directa ao cálculo da factura eléctrica do mercado retallista español establecido no Real decreto 1164/2001 e, en particular, á tarifa PVPC simple dun único período 2.0 A establecida no Real decreto 216/2014, con prezos dos termos de peaxes de acceso e marxe de comercialización fixo vixentes, segundo a formulación seguinte:

Taxas E-3 no período de devindicación = (PA+EA) x Rv x IE + Ct.

Sendo:

– Concepto de potencia accesible (PA): resulta da aplicación do prezo da potencia vixente no ano natural de devindicación. Fíxase para o exercicio 2021 e seguintes unha contía de 0,1152 € /kW.día, multiplicado pola potencia dispoñible da instalación, que vén determinada polo calibre do interruptor xeral de protección da liña de acometida (kW), multiplicado polos días comprendidos no período de facturación.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

– Concepto de enerxía activa (EA): resulta da aplicación do prezo da enerxía vixente no ano natural de devindicación, multiplicado pola diferenza de lecturas do equipo de medida tomadas o primeiro día e o último do período de devindicación en kWh.

O prezo da enerxía vixente no ano natural será unha contía fixa para todo o ano natural, sendo este valor o prezo medio da enerxía publicado polo ministerio con competencia en materia de enerxía do período interanual calculado a partir do 1 de xullo. Para o exercicio 2021 e seguintes este valor medio é de 0,124677 €/kWh.

No suposto de que a contía sufra variacións, tomarase a nova tarifa legalmente aprobada.

– Recarga polo volume de kWh consumidos (Rv): establécese unha recarga da tarifa base consumida comprendida entre o 2 % e o 10 %, dependendo a dita porcentaxe do consumo medio diario realizado durante o período de devindicación, segundo a seguinte táboa:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Media dos kWh consumidos día durante o período liquidado	Recarga (%)
Igual ou superior a 300 kWh/día	10 %
Igual ou superior a 200 kWh/día e inferior a 300 kWh/día	8 %
Igual ou superior a 100 kWh/día e inferior a 200 kWh/día	6 %
Igual ou superior a 10 kWh/día e inferior a 100 kWh/día	4 %
Igual ou superior a 5 kWh/día e inferior a 10 kWh/día	2 %

Onde:

Rv = 1 + Recarga (%)/100.

– Imposto eléctrico (IE): sobre o concepto de potencia accesible e o concepto de enerxía activa será de aplicación a porcentaxe correspondente ao imposto eléctrico legalmente establecido polo organismo competente. O imposto eléctrico para o exercicio 2021 e seguintes é dun 5,11269632 %. Non obstante, no suposto de que sufra variacións durante este exercicio, adaptarase a formulación ao imposto vixente no período de devindicación.

Onde:

IE = 1 + Gravame imposto eléctrico (%)/100 = 1+5,11269632/100 = 1,0511269632. (14)

– Contía por posta a disposición de contador (Ct): polos traballos de conexión, desconexión e tramitación administrativa de instalación e seguimento establécese unha contía fixa de 0,05 €/día en subministracións efectuadas en baixa tensión e de 0,5 €/día en subministracións efectuadas en media tensión, polos días comprendidos entre o primeiro e o ultimo do período de devindicación.».

Corenta e oito. Modifícase o segundo parágrafo do apartado 6.B.1 da subalínea 03 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Considerarase que a intensidade da actividade é alta cando se desenvolva nos portos de: Ribadeo, Burela, Celeiro, Ortigueira, Cedeira, Ares, Sada, Muros, Noia, Portosín, Porto do Son, Aguiño, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Carril, O Xufre, Vilanova, Cambados- Tragove, O Grove, Pedras Negras, Portonovo, Sanxenxo, Combarro, Pontevedra, Bueu, Cangas, Moaña e Baiona.».

Corenta e nove. Modifícase o valor do coeficiente Ce da fórmula de cálculo da base impoñible da tarifa 05, apartado 02, contida no anexo 5, que queda como segue:

«Ce= coeficiente pola clasificación técnica da estrada:

1,20 no caso de autoestradas, autovías ou vías para automóbiles.

0,80 no caso de vías convencionais.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Establécense as seguintes exencións e bonificacións excepcionais dirixidas a paliar os efectos da covid-19 respecto da hostalaría radicada nos portos dependentes da Comunidade Autónoma:

a) Exencións:

1ª) Tarifa E-2:

Estarán exentas as ocupacións de superficie autorizadas para o seu destino como terraza de hostalaría no período de devindicación comprendido desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

2ª) Tarifa portuaria polo exercicio de actividades comerciais, industriais e de servizos, na modalidade de actividades auxiliares non estritamente portuarias.

Estarán exentas as instalacións, no dominio público portuario, de terraza de hostalaría vinculadas a unha autorización de ocupación de superficie outorgada para tal fin, no período de devindicación comprendido entre a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19, e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

As cantidades xa liquidadas e ingresadas por estas taxas nos períodos indicados poderán ser devoltas por solicitude da persoa interesada, de acordo cos procedementos aplicables segundo a normativa tributaria.

b) Bonificacións na taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario.

Será de aplicación unha bonificación na taxa respecto das ocupacións de dominio público portuario amparadas por unha concesión ou autorización en que se admita o uso hostaleiro.

A bonificación será de aplicación no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2021 ata seis meses despois do levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

Para ter dereito á bonificación deberá presentarse a correspondente solicitude ante Portos de Galicia, acompañada da documentación acreditativa dun descenso no importe neto da cifra anual de negocio da actividade de hostalaría, no período comprendido entre a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e o 31 de decembro de 2020 de, polo menos, un 30 % respecto ao mesmo período do ano anterior.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O importe da bonificación, para cada período de liquidación, será equivalente ao 50 % da contía da taxa correspondente ao ámbito de ocupación do solo portuario, obras ou instalacións destinadas exclusivamente ao uso hostaleiro, no caso de que a actividade de hostalaría sexa desenvolta pola persoa titular da concesión ou autorización do dominio público portuario.

No suposto de que a actividade de hostalaría sexa realizada por un terceiro en virtude dunha cesión por parte da persoa titular da concesión ou autorización, para que esta última teña dereito á bonificación deberá presentar coa solicitude, ademais da documentación antes indicada, aquela que acredite a aplicación dunha diminución do importe da contraprestación que o terceiro que desenvolva a actividade de hostalaría deba aboar á persoa titular da concesión ou autorización en virtude da cesión. Neste caso, o importe da bonificación será de contía equivalente ao importe da diminución aplicada, co límite máximo previsto no parágrafo anterior, e a bonificación aplicarase en cada período de liquidación a que se estenda a dita diminución, co límite máximo de vixencia da bonificación fixado anteriormente.

Corrección de erros. Artigo 3 apartado 2 redactado conforme a corrección de erros publicada no DOG núm. 40, do 1 de marzo de 2021.

Artigo 4. Canon da auga e coeficiente de vertedura

1. A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 56, que queda redactado como segue:

«5. Naqueles casos en que o volume de auga vertido sexa distinto ao volume de auga consumido ou utilizado, o tipo de gravame especial na modalidade de carga contaminante verase afectado por un coeficiente corrector de volume (CCV), que expresará a relación existente entre ambos os volumes.

Para a aplicación deste coeficiente corrector de volume é preciso, salvo as excepcións que se determinen regulamentariamente, que o obrigado tributario dispoña de aparellos de medida nas fontes de abastecemento de auga e na vertedura. Noutro caso, este coeficiente tomará o valor de 1.

No caso de que a base impoñible veña constituída polo volume vertido, este coeficiente tomará o valor de 1.».

Dous. Modifícase o artigo 59, que queda redactado como segue:

«Artigo 59. Usos de augas termais, mineiro-medicinais e mariñas na actividade balnearia

1. A cota do canon resultará da adición dunha parte fixa e dunha parte variable.

2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. O tipo de gravame da parte variable nas augas termais, mineiro-medicinais e mariñas destinadas a uso terapéutico será de 0,0085 euros por metro cúbico.

4. Regulamentariamente fixaranse as condicións que deben cumprir as augas para teren a consideración de augas termais, mineiro-medicinais e mariñas na actividade balnearia.

5. Nas augas termais para o aproveitamento lúdico ás que resulte de aplicación a Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, a cota do canon da auga determinarase de igual modo que o indicado neste artigo para os usos de augas termais, mineiro-medicinais e mariñas na actividade balnearia.».

2. Como medida excepcional dirixida a paliar os efectos da covid-19 en determinados sectores, establécese a seguinte exención aplicable ao canon da auga e ao coeficiente de vertedura.

Quedan exentos do pagamento do canon da auga ou do coeficiente de vertedura os consumos de auga correspondentes aos períodos de facturación comprendidos entre o 5 de novembro de 2020 e a data en que se levante a declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020, ambas as datas incluídas, nos seguintes establecementos, sempre que estes diminuísen significativamente a súa actividade nese período:

a) Establecementos de restauración: restaurantes, salóns de banquetes, cafetarías e bares.

b) Os seguintes establecementos de lecer e entretemento: salas de festas, discotecas, pubs, cafés espectáculo e furanchos.

c) Hoteis e aloxamentos turísticos.

d) Albergues turísticos.

Para os efectos da aplicación da exención, entenderase producida unha diminución significativa da actividade nos establecementos indicados cando no período de vixencia da exención os consumos realizados sexan iguais ou inferiores ao 25 % do consumo realizado no período de facturación inmediatamente anterior ao 5 de novembro de 2020.

No caso de contribuíntes que non dispoñan de contador de auga que permita determinar a variación de consumos por este medio, a diminución significativa da actividade que dea dereito á exención deberá acreditarse mediante a achega por aqueles dos rexistros de aloxamentos, dos servizos efectivamente realizados ou do consumo eléctrico dos que se desprenda unha diminución da actividade no período de vixencia da exención de, polo menos, o 75 % respecto da actividade desenvolvida no período de facturación inmediatamente anterior ao 5 de novembro de 2020. No caso de que a diminución significativa da actividade nos termos indicados nos dous parágrafos anteriores só se produza nalgún ou nalgúns dos períodos de facturación incluídos dentro do período de vixencia da exención, a exención só se aplicará naqueles períodos de facturación en que teña lugar a diminución. As entidades

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

subministradoras virán obrigadas a non repercutir o canon da auga e, de ser o caso, o coeficiente de vertedura, aos abonados que, conforme o previsto anteriormente, teñan dereito á exención. Respecto daqueles importes xa repercutidos na data de entrada en vigor desta lei, as entidades subministradoras deberán regularizar tales importes na primeira facturación que realicen, con posterioridade á dita data, aos abonados que sexan beneficiarios da exención. No suposto de contribuíntes que se abastezan de fontes propias de abastecemento de auga, Augas de Galicia non liquidará o canon da auga e, de ser o caso, o coeficiente de vertedura, correspondente ao período ou períodos de facturación en que se teña dereito á exención.

A exención regulada neste artigo tramitarase por solicitude previa do interesado na que xustifique o cumprimento dos requisitos establecidos.

TÍTULO II Medidas administrativas

CAPÍTULO I Emprego público

Artigo 5. Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público d e Galicia

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 9, que queda redactado como segue:

«Artigo 9. Persoal laboral

O persoal laboral ao servizo das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei réxese, ademais de pola lexislación laboral e polas normas convencionalmente aplicables, polos preceptos desta lei que así o dispoñan.

Non obstante, en materia de permisos de nacemento, adopción, do proxenitor diferente da nai biolóxica e lactación, o persoal laboral ao servizo das administracións públicas rexerase polo previsto na presente lei, non sendo de aplicación a este persoal, polo tanto, as previsións da lexislación laboral sobre as suspensións dos contratos de traballo que, de ser o caso, corresponderían polos mesmos supostos de feito.».

Dous. Engádense as letras r), s) e t) ao número 2 do artigo 14, coa seguinte redacción:

«r) Exercer as competencias relativas á formación dos empregados públicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

s) Exercer as competencias relativas á inspección, a avaliación, a auditoría, o control e a mellora do funcionamento dos órganos, servizos e unidades da Administración xeral da

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

t) Vixiar o cumprimento da normativa vixente en materia de xornada, horario, permisos e licenzas do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.».

Tres. Suprímense as letras b), c) e d) do artigo 15.

Catro. Engádese o número 6 ao artigo 104, coa seguinte redacción:

«6. De conformidade coa lexislación básica estatal, para faceren efectivo o seu dereito á protección e á asistencia social integral, os funcionarios que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos, sempre que teñan a condición de funcionarios e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como os funcionarios ameazados nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terán dereito ao traslado a outro posto de traballo propio do seu corpo, escala ou categoría profesional, de análogas características, cando a vacante sexa de necesaria cobertura ou, en caso contrario, dentro da comunidade autónoma. Aínda así, en tales supostos a Administración pública competente estará obrigada a comunicarlle as vacantes situadas na mesma localidade ou nas localidades que o interesado expresamente solicite.

Este traslado terá a consideración de traslado forzoso.

En todo caso, este dereito poderá ser exercitado en tanto resulte necesario para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente.

Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia terrorista protexerase a intimidade das vítimas, en especial, os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.».

Cinco. Modifícanse os números 3, 4 e 5 do artigo 106, que quedan redactados como segue:

«3. As funcionarias vítimas de violencia de xénero teñen dereito á redución da xornada de traballo diario por horas completas e con diminución proporcional das súas retribucións na medida en que sexa necesario para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan procedentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.

No suposto enunciado no parágrafo anterior, a funcionaria manterá as súas retribucións íntegras cando reduza a súa xornada nun terzo ou menos.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«4. De conformidade coa lexislación básica estatal, para facer efectivo o seu dereito á protección e á asistencia social integral, o persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos, sempre que teñan a condición de persoal funcionario e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como o persoal funcionario ameazado nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que estableza a Administración competente en cada caso.

As ditas medidas serán adoptadas e mantidas no tempo en tanto que resulten necesarias para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente.

5. O persoal funcionario con fillos ou persoas acollidas menores de doce anos ao seu cargo ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas ten dereito á flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia nos termos que regulamentariamente se determinen.

Idéntico dereito terá o persoal funcionario que se encontre en proceso de nulidade, separación ou divorcio, desde a interposición da demanda xudicial ou desde a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses desde a devandita demanda ou solicitude.».

Seis. Engádese o número 6 ao artigo 106 coa seguinte redacción:

«6. Ademais de nos supostos regulados neste artigo, o persoal funcionario terá dereito á redución da súa xornada de traballo ou a outras adaptacións desta nos supostos e cos requisitos que regulamentariamente se establezan.».

Sete. Modifícase o artigo 112, que queda redactado como segue:

«Artigo 112. Permiso por lactación

1. Por lactación dun fillo menor de doce meses, o persoal funcionario terá dereito a unha hora de ausencia do posto de traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá ser substituído por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.

O permiso recollido neste precepto constitúe un dereito individual dos funcionarios, sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor, adoptante, gardador ou acolledor.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. Nos supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, o dereito ao permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor non teña feitos os doce meses.

3. Poderase solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente. Esta modalidade poderase gozar unicamente a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica respectivo, ou unha vez que, desde o nacemento do menor, transcorrese un tempo equivalente ao que comprenden os citados permisos.

4. Nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos.».

Oito. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 121, que quedan redactados como segue:

«2. A duración do permiso previsto neste artigo ampliarase nos casos e polos períodos que a seguir se determinan:

a) Discapacidade do fillo ou filla, dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores.

b) Partos múltiples, dúas semanas máis para cada fillo a partir do segundo, unha para cada un dos proxenitores.

c) Partos prematuros e aqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, ata un máximo de trece semanas adicionais.

3. Caso de ambos os proxenitores traballaren e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de gozo deste permiso poderá levarse a cabo, á vontade daqueles, de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla faga os doce meses. No caso do gozo interrompido requirirase, para cada período de gozo, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.».

Nove. Modifícase o número 1 do artigo 121, que queda redactado como segue:

«1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas.».

Dez. Modifícanse os números 5 e 6 e engádese un número 7 no artigo 121, que quedan redactados como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«5. No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

6. Do permiso previsto neste artigo pódese facer uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.

7. Durante o gozo deste permiso, unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio, poderase participar en cursos de formación que convoque a Administración.».

Once. Modifícase o artigo 122, que queda redactado como segue:

«Artigo 122. Permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento

1. Nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas. Seis semanas deberán gozarse a xornada completa de forma obrigatoria e ininterrompida inmediatamente despois da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.

2. A duración do permiso previsto neste artigo ampliarase nos casos e polos períodos que a seguir se determinan:

a) Discapacidade do menor adoptado ou acollido, dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores.

b) Adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple, dúas semanas máis por cada menor adoptado ou acollido a partir do segundo, unha para cada un dos proxenitores.

3. Caso de ambos os proxenitores traballaren e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de gozo deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao feito causante ata que o fillo ou filla faga os doce meses. No caso do gozo interrompido requirirase, para cada período de gozo, preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

4. Do permiso previsto neste artigo pode facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.

5. Durante o gozo do permiso previsto neste artigo o persoal funcionario poderá participar nos cursos de formación que convoque a Administración pública.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6. Os supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, recollidos neste artigo son os que así se establezan na normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia, debendo ter o acollemento simple unha duración non inferior a un ano.».

Doce Modifícase o número 2 do artigo 123, que queda redactado como segue:

«2. Con independencia do previsto no número anterior, nos casos recollidos neste artigo, o permiso de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode iniciarse ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento.».

Trece. Modifícase o artigo 124, que queda redactado como segue:

«Artigo 124. Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla

1. Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de dezaseis semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán en todo caso de descanso obrigatorio.

Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo ou filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples, do que se gozará a partir da data do nacemento, ou da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Este permiso poderá ser distribuído polo proxenitor que vaia gozar del, sempre que as seis primeiras semanas sexan ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, ou da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Caso de ambos os proxenitores traballaren e transcorridas as seis primeiras semanas, o período de gozo deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou filla faga os doce meses.

No caso do gozo interrompido requirirase, para cada período de gozo, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

No caso de que se optase polo gozo do presente permiso con posterioridade á semana dezaseis do permiso por nacemento, se o proxenitor que goza deste último permiso solicitar

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a acumulación do tempo de lactación dun fillo menor de doce meses en xornadas completas do permiso regulado no artigo 112, será á finalización dese período cando se dará inicio ao cómputo das dez semanas restantes do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a seguir do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se encontre hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

Durante o gozo deste permiso, transcorridas as seis primeiras semanas ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

2. O permiso previsto neste artigo é independente do uso compartido do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.

3. O persoal funcionario que estea a gozar do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode facer uso do permiso previsto neste artigo inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel nos seguintes supostos:

a) Se a persoa titular do dereito faleceu antes da utilización íntegra do permiso.

b) Se a filiación do outro proxenitor non está determinada.

c) Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, se lle recoñecese á persoa que estea a gozar del a garda do fillo ou da filla.

4. Do permiso previsto neste artigo pode facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.».

Catorce. Modifícanse os números 4 e 5 do artigo 132, que quedan coa seguinte redacción:

«4. Recoñécese o dereito á fixación dun período alternativo de vacacións nos casos de coincidencia do período ordinario de vacacións cos permisos por lactación, parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou doutro proxenitor por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento dun fillo.

5. Os permisos mencionados no número anterior, así como os períodos de incapacidade temporal, poden acumularse ás vacacións. Nestes casos, o dereito ás vacacións poderá exercerse mesmo despois do remate do ano natural a que estas correspondan.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Cando as situacións de permiso de maternidade, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan iniciar o gozo das vacacións dentro do ano natural a que correspondan, ou cando, unha vez iniciado o período de vacacións, sobreveña unha das devanditas situacións, o período de vacacións poderase gozar aínda que rematase o ano natural a que correspondan e sempre que non transcorresen máis de dezaoito meses a partir do final do ano en que se orixinaron.».

Quince. Engádese a letra f) ao artigo 172 coa seguinte redacción:

«f) Excedencia por razón de violencia terrorista.».

Dezaseis. Engádese un número 9 ao artigo 176, coa seguinte redacción:

«9. No caso de gozo desta excedencia polo período máximo de duración, o reingreso ao servizo activo solicitarase cun prazo de antelación dun mes respecto da data de finalización do período máximo legalmente establecido para esta excedencia.».

Dezasete. Modifícase o número 1 do artigo 178, que queda redactado como segue:

«1. Finalizada a causa que determinou a declaración dunha situación de excedencia voluntaria das reguladas neste capítulo ou o prazo máximo de duración dela, o persoal funcionario de carreira está obrigado a solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo dun mes, agás no suposto previsto no artigo 176.9. Unha vez acordado o reingreso, está igualmente obrigado a tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o reingreso. O incumprimento destas obrigas determinará a declaración na situación de excedencia voluntaria por interese particular.».

Dezaoito. Engádese un artigo 177 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 177 bis. Excedencia por razón de violencia terrorista

De acordo coa lexislación básica estatal, o persoal funcionario que sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, así como o ameazado nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, contando co previo recoñecemento do Ministerio do Interior ou cunha sentenza xudicial firme, terá dereito a gozar dun período de excedencia nas mesmas condicións que as vítimas de violencia de xénero.

A dita excedencia será autorizada e mantida no tempo en tanto que resulte necesaria para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza a que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente.».

Dezanove. Engádese unha disposición adicional décimo quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. Valoración de determinados méritos

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Poderá valorarse como mérito nas bases das respectivas convocatorias de concursos de traslados, promoción interna e de acceso aos graos do sistema transitorio previsto no número 4 da disposición transitoria oitava, e tamén como mérito para os efectos da confección das listas de contratación temporal, a prestación de servizos de forma presencial en postos de traballo dos centros residenciais ou sociosanitarios dependentes da consellaría competente en materia de política social, sempre que se trate de servizos prestados durante a situación de emerxencia sanitaria derivada da covid-19, nas seguintes categorías profesionais do sistema de clasificación profesional do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia: a categoría profesional 2 do grupo I; a categoría profesional 2 do grupo II; a categoría profesional 06 do grupo II; a categoría profesional 3 do grupo IV; a categoría profesional 4 do grupo IV; a categoría profesional 43 do grupo IV; a categoría profesional 44 do grupo IV; a categoría profesional 1 do grupo V e a categoría profesional 11, sempre que os servizos se prestasen durante a situación de emerxencia sanitaria derivada da covid-19, en postos de traballo dos centros residenciais ou sociosanitarios dependentes da consellaría competente en materia de política social.».

Vinte. Engádese un segundo parágrafo ao número 3 da disposición transitoria primeira coa seguinte redacción:

«O persoal laboral fixo que posuíse a dita condición no momento da entrada en vigor da Lei 7 /2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, e adquirise posteriormente outra categoría profesional como persoal laboral fixo polo procedemento de promoción interna, poderá participar no proceso a que se refire o parágrafo anterior desde esta última categoría profesional.».

Vinte e un. Engádese unha letra k) no número 1 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

«k) En relación coa consolidación do grao, o persoal funcionario de carreira na situación administrativa de servizos especiais, por cada dous anos de servizos continuados, consolidará dous niveis superiores de grao persoal ao que posuíse, sen que, en ningún caso, poida superar o nivel máximo que podería obter no seu corpo ou escala de pertenza.».

Vinte e dous. Engádese unha letra l) no número 1 da disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

«l) O persoal funcionario de carreira que pase a desempeñar un posto directivo nunha entidade instrumental do sector público autonómico superior en máis de dous niveis ao correspondente ao seu grao persoal, consolidará cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ao que posuíse, sen que en ningún caso poida superar o correspondente ao do posto desempeñado.».

Vinte e tres. Modifícase o título e os apartados 1 e 2 da disposición adicional décimo cuarta, que quedan redactados como segue:

«Disposición adicional décimo cuarta. Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia e das

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

distintas especialidades de bombeiros forestais das diferentes escalas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

1. A segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia e das distintas especialidades de bombeiros forestais das diferentes escalas do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, que en todo caso será voluntaria, consistirá en pasar a realizar tarefas que non impliquen unha prestación directa de labores de extinción de incendios.

2. Poderá solicitar pasar á segunda actividade o persoal das anteriores escalas e especialidades que cumpra os requisitos que a seguir se indican:

a) Ter feitos os 60 anos de idade.

b) Ter desempeñado 25 anos de servizo nestas escalas ou especialidades.

c) Formular a solicitude nos termos previstos regulamentariamente.».

Artigo 6. Modificación do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde

O número 2 do artigo 30 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, queda redactado como segue:

«2. A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos dous días hábiles seguintes ao do cesamento se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área de saúde, no prazo de sete días hábiles se as prazas son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde ou no prazo dun mes se a praza desempeñada corresponde a outro servizo de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

No caso de que a adxudicación de praza supoña o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución definitiva do concurso.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e a pedimento da persoa interesada, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.».

Artigo 7. Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

O artigo 6 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, queda redactado como segue:

«Artigo 6. Protección da maternidade e da paternidade

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, durante as situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural e nos supostos de adaptación de posto por causa do embarazo ou da realización da lactación natural, percibirá, en concepto de mellora da prestación, as retribucións que correspondan ata acadar a totalidade das retribucións básicas e complementarias de carácter fixo.

Así mesmo, percibirá a media das retribucións variables aboadas no ano anterior ao mes en que dese comezo a correspondente situación, en concepto de atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos.

O disposto neste precepto será tamén de aplicación durante todo o período de duración dos permisos de maternidade e paternidade previstos na lexislación autonómica aplicable aos empregados públicos.».

CAPÍTULO II Medio ambiente e territorio

Artigo 8. Modificación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galici a

Un. Modifícase o artigo 40, que queda redactado como segue:

«Artigo 40. Edificacións existentes de carácter tradicional

1. As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.

2. Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitirase a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional. En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

3. Para os efectos do previsto neste artigo, considéranse edificacións tradicionais todas as edificacións existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana, con independencia da súa tipoloxía.

4. O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación.».

Dous. Engádese un parágrafo ao número 1 do artigo 63, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, os plans básicos municipais poderán remitir a ordenación detallada de determinadas áreas a un plan especial aprobado con anterioridade declarándoo subsistente, identificándoo con claridade e indicando a súa data de aprobación e publicación. Neste caso,

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a modificación das determinacións do dito planeamento seguirá o réxime aplicable á modificación do plan especial.».

Tres. Modifícase a letra a) do número 2 do artigo 63, que queda redactada como segue:

«a) Delimitación e categorización dos núcleos rurais existentes

Para tal efecto, os plans básicos municipais delimitarán os núcleos rurais existentes no municipio e identificados no Plan básico autonómico, de acordo cos criterios establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, e categorizaranos, segundo corresponda, como tradicional ou común, de conformidade coas súas características e o seu grao de consolidación.

Así mesmo, os plans básicos municipais poderán declarar subsistentes as delimitacións de núcleos rurais aprobadas con anterioridade, incorporando a delimitación física e a súa parcela ou parcelas mínimas. Nestes casos e para os efectos da aplicación do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural e das ordenanzas do Plan básico autonómico, establecerase a correspondencia entre as diferentes áreas das delimitacións incorporadas e os tipos básicos de núcleo rural previstos nesta lei.».

Catro. Modifícase a letra e) do número 2 do artigo 63, que queda redactada como segue:

«As ordenanzas de edificación e uso do solo contidas no Plan básico autonómico que sexan aplicables.

Xustificadamente, os plans básicos municipais poderán reaxustar as ditas ordenanzas, con base no estudo pormenorizado do territorio e na análise do modelo de asentamento poboacional.».

Cinco. Engádese unha letra f) ao número 2 do artigo 63, coa seguinte redacción:

«f) Delimitación dos ámbitos de ordenación remitida, de ser o caso, identificando con claridade o instrumento e a súa data de aprobación. Neste suposto, a normativa do plan básico municipal recollerá unha ficha para cada ámbito que identifique o documento declarado subsistente.».

Seis. Modifícase o número 3 do artigo 63, que queda redactado como segue:

«3. Os plans básicos municipais conterán, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa das súas determinacións.

b) Planos de información.

c) Planos de ordenación urbanística.

d) Catálogo de elementos que se deben protexer.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

e) Normativa urbanística. Os plans básicos municipais incorporarán as ordenanzas de edificación e uso, segundo o previsto na letra e) do número 2 deste artigo.

f) Informe ambiental estratéxico.».

Sete. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 92, que queda redactado como segue:

«Artigo 92. Protección das vías de circulación

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte.».

Oito. Modifícase o segundo parágrafo do número 4 do artigo 96, que queda redactado como segue:

«Esta garantía deberá constituírse mediante calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas. Será beneficiaria dela a administración actuante.».

Nove. Engádese un número 3 á disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:

«3. O previsto nesta disposición entenderase sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación.».

Artigo 9. Modificación do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro

O Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 82, que queda redactado como segue:

«Artigo 82. Cartografía

1. A documentación gráfica dos instrumentos de planeamento urbanístico deberá ser elaborada en formato dixital, utilizando como soporte unha base cartográfica adecuada. Cando non se dispoña dunha base suficientemente actualizada ou detallada para o ámbito afectado, quen formule o planeamento deberá elaborala de conformidade co regulado nas Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

2. A cartografía base que se actualice ou elabore a escala 1/5.000 será posta á disposición do Instituto de Estudos do Territorio, para os efectos da súa comprobación. Para tal efecto, coincidindo co momento da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, a

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

cartografía a escala 1/5.000 dos instrumentos de planeamento será enviada polo concello ao Instituto de Estudos do Territorio, ao cal lle corresponderá o control de calidade da base cartográfica.

3. A tramitación do instrumento de planeamento poderá continuar coas sucesivas fases do procedemento de elaboración ata a aprobación definitiva, con independencia do proceso de comprobación.».

Dous. Modifícase o artigo 63, que queda redactado como segue:

«Artigo 63. Edificacións existentes de carácter tradicional

1. As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos (artigo 40.1 da LSG).

Para os efectos do sinalado no punto anterior, enténdese por uso residencial aquel uso en edificios concibidos principalmente para vivenda, mesmo cando conteñan recintos onde se desenvolve unha actividade económica, ben a través dunha vivenda adaptada para o exercicio da dita actividade económica ou ben nun recinto concibido expresamente para o seu exercicio, polo que nada obsta para que poida desenvolverse máis dun uso na mesma edificación.

2. Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitirase a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, mesmo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional. En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria (artigo 40.2 da LSG).

O límite de altura sinalado resulta exixible ás obras de reforma, rehabilitación, reconstrución e ampliación que se pretendan levar a cabo, e non será óbice para a súa execución que a edificación tradicional supere tal parámetro antes de acometer as citadas obras.

No caso das edificacións que non esgotasen a posibilidade ampliatoria ata o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional permitido pola norma, poderán facelo nun momento posterior como resposta ás novas necesidades de espazo que puideren xurdir.

3. De conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 deste regulamento, no solo rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.

4. Para os efectos do previsto neste artigo, considéranse edificacións tradicionais todas as edificacións existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma sobre o réxime do solo e ordenación urbana, con independencia da súa tipoloxía (artigo 40.3 LSG).

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Por edificación existente enténdese aquela que estivese rematada na data indicada, e poderá achegarse, para acreditar tal aspecto, calquera medio de proba admisible en dereito. Así mesmo, a construción deberá presentar un grao de conservación tal que permita apreciar as características esenciais da súa tipoloxía orixinaria.

5. O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo das previsións establecidas nas normativas sectoriais que resulten de aplicación (artigo 40.4 LSG).».

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 85, que queda redactado como segue:

«1. A redacción dos instrumentos de planeamento urbanístico efectuarana facultativos ou facultativas coa correspondente titulación universitaria (artigo 51.1 da LSG).».

Catro. Modifícase a letra c.1) do número 2 do artigo 138, coa seguinte redacción:

«c.1) Planos de información, realizados sobre base topográfica, nos cales se reflectirá:

1º. O perímetro do núcleo delimitado.

2º. Os elementos catalogados e os seus contornos de protección e zonas de amortecemento, de ser o caso.

3º. Os equipamentos e espazos libres e zonas verdes existentes identificados polo plan, de ser o caso, con indicación do seu carácter público ou privado.

4º. Trazado e características das redes de servizos existentes no núcleo, de ser o caso.

5º. As afeccións sectoriais e dos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia sobre o núcleo.

6º. As edificacións de carácter tradicional existentes, diferenciando as que non poidan terse en conta para que poida considerarse unha parcela como edificada, nos termos sinalados no artigo 35.1.d).».

Cinco. Engádese un ordinal 7º á letra c.2) do número 2 do artigo 138, coa seguinte redacción:

«7º. As clases e categorías de solo dos terreos estremeiros co solo de núcleo delimitado. ».

Seis. Engádese un parágrafo segundo ao número 1 do artigo 148, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, os plans básicos municipais poderán remitir a ordenación detallada de determinadas áreas a un plan especial aprobado con anterioridade declarándoo subsistente, identificándoo con claridade e indicando a súa data de aprobación e publicación. Neste caso, a modificación das determinacións do dito planeamento seguirá o réxime aplicable á modificación do plan especial.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sete. Modifícase a numeración do artigo 149, eliminando o número 1, pois non hai máis numeración.

Oito. Modifícase a letra a) do artigo 149, que queda coa seguinte redacción:

«a) Delimitación e categorización dos núcleos rurais existentes (artigo 63.2.a) da LSG).

Para tal efecto, os plans básicos municipais delimitarán os núcleos rurais existentes no municipio e identificados no Plan básico autonómico, de acordo cos criterios establecidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e neste regulamento, e categorizaranos, segundo corresponda, como tradicional ou común, de conformidade coas súas características e o seu grao de consolidación.

Así mesmo, os plans básicos municipais poderán declarar subsistentes as delimitacións de núcleos rurais aprobadas con anterioridade, incorporando a delimitación física e a súa parcela ou parcelas mínimas. Nestes casos e para os efectos da aplicación do réxime xurídico xeral de núcleo rural e das ordenanzas do Plan básico autonómico, establecerase a correspondencia entre as diferentes áreas das delimitacións incorporadas e os tipos básicos de núcleo rural previstos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro.».

Nove. Modifícase a letra e) do artigo 149, que queda coa seguinte redacción:

«e) As ordenanzas de edificación e uso do solo contidas no Plan básico autonómico que sexan aplicables (artigo 63.2.e) da LSG).

Xustificadamente, os plans básicos municipais poderán reaxustar as ditas ordenanzas, con base no estudo pormenorizado do territorio e na análise do modelo de asentamento poboacional.».

Dez. Engádese una letra f) ao artigo 149, que queda coa seguinte redacción:

«f) Delimitación dos ámbitos de ordenación remitida, de ser o caso, identificando con claridade o instrumento e a súa data de aprobación. Neste suposto, a normativa do plan básico municipal recollerá unha ficha para cada ámbito que identifique o documento declarado subsistente.».

Once. Modifícase o número 1 do artigo 150, que queda redactado como segue:

«1. Os plans básicos municipais conterán, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa das súas determinacións.

b) Planos de información.

c) Planos de ordenación urbanística.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

d) Catálogo de elementos que se deben protexer (artigo 63.3) da LSG).

e) Normativa urbanística. Os plans básicos municipais incorporarán as ordenanzas de edificación e uso, segundo o previsto na letra e) do artigo 149.

f) Informe ambiental estratéxico.».

Doce. Engádese un parágrafo segundo á letra a) do número 2 do artigo 152, coa seguinte redacción:

«De ser o caso, relación das delimitacións de núcleo rural, delimitacións de solo urbano ou plans especiais aprobados con anterioridade, indicando a data da súa aprobación.».

Trece. Modifícase a letra e) do número 2 do artigo 152, que queda redactada como segue:

«e) Redes de comunicacións e servizos existentes, nos núcleos rurais que delimite o plan e, de ser o caso, naqueles que incorpore, e no ámbito que se defina como solo urbano consolidado, que permitan acreditar a tal condición de urbano cando se faga de acordo coa alínea a) do artigo 26, con descrición das súas características principais.».

Catorce. Engádese unha letra f) ao número 2 do artigo 152, coa seguinte redacción:

«f) Outros datos informativos de interese para a redacción do plan básico municipal.».

Quince. Engádese un ordinal 3º ao apartado e.1) do número 2 do artigo 153, coa seguinte redacción:

«3º. De ser o caso, relación das delimitacións de núcleo rural aprobadas con anterioridade indicando a súa data de aprobación, e a súa incorporación ou non ao plan básico municipal.».

Dezaseis. Modifícase o apartado e.2) do número 2 do artigo 153, que queda redactado como segue:

«e.2) Unha ficha para cada un dos núcleos rurais delimitados polo plan ou, de ser o caso, incorporados, co seguinte contido mínimo:

1º. Identificación: nome, situación por parroquia e código asignado.

2º. Tipo de núcleo: respecto do sistema de asentamentos das Directrices de ordenación do territorio.

3º. Superficie e grao de consolidación: superficie de núcleo delimitada e categoría de solo (común e tradicional), número de parcelas edificadas e consolidación en función do establecido no artigo 35.

No caso de que a análise do modelo de asentamento poboacional propoña unha parcela mínima diferente das recollidas nas ordenanzas tipo do Plan básico autonómico, segundo o

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

previsto no artigo 149.1.e), figurará neste apartado a nova parcela mínima aplicable para cada categoría de solo do núcleo delimitado.

Para os núcleos que o plan básico municipal incorpore, indicarase a data da súa aprobación previa, a superficie delimitada e a correspondencia entre as diferentes áreas da delimitación incorporada e os tipos básicos de núcleo rural da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

4º. Evolución: breve descrición da evolución do núcleo e tendencias de crecemento/ decrecemento da poboación. Para tal efecto, poderán terse en conta os datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística.

5º. Condicionantes do contorno: existencia de elementos naturais que condicionen o seu crecemento: topografía, canles de auga, situación costeira, existencia de elementos catalogados polos seus valores patrimoniais, naturais ou paisaxísticos e outros.

6º. Características da edificación: breve descrición da tipoloxía predominante no núcleo: tipo de edificacións, usos, sistemas construtivos, materiais, alturas e outros.

7º. Sistema viario: breve descrición do sistema viario do núcleo e da pervivencia ou non da estrutura de camiños tradicionais, muros de cerramento e outros elementos.

8º. Sistema de servizos urbanos: identificación e características principais das redes de servizos existentes no núcleo: de abastecemento e evacuación de augas, de subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, gas, telecomunicacións e outros, con análise do estado das redes e instalacións en relación coas necesidades actuais.».

Dezasete. Modifícase o apartado e.3) do número 2 do artigo 153, que queda redactado como segue:

«e.3) Unha serie de planos a escala mínima 1:2.000.

e.3.1) Planos de información, realizados sobre base topográfica, nos cales se reflectirá:

1º. O perímetro do núcleo delimitado ou, de ser o caso, incorporado, incluíndo unha codificación que permita identificar estes núcleos como ámbitos incorporados.

2º. Os elementos catalogados e os seus contornos de protección e zonas de amortecemento, de ser o caso.

3º. Os equipamentos e espazos libres e zonas verdes existentes identificados polo plan, de ser o caso, con indicación do seu carácter público ou privado, de conformidade coa codificación que figure na parte II da memoria, segundo o artigo 153.2.f.

4º. Trazado e características das redes de servizos existentes no núcleo, de ser o caso.

5º. As afeccións sectoriais e dos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia sobre o núcleo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6º. As edificacións de carácter tradicional existentes, identificadas de acordo co establecido no artigo 33.

e.3.2) Planos de ordenación, realizados sobre base parcelaria catastral, nos cales se reflectirá:

1º. O perímetro do núcleo delimitado. Diferenciación dos ámbitos categorizados como tradicional e común.

No caso dos núcleos rurais incorporados, os planos de ordenación reflectirán o seu perímetro, incluíndo unha codificación que permita identificar estes núcleos como ámbitos incorporados, sinalando a data da aprobación da delimitación da que proveñan. Así mesmo, sinalarán a correspondencia entre as diferentes áreas do núcleo incorporado e a categorización tradicional e común da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de conformidade coa ficha do núcleo.

2º. Trazado e características da rede viaria, con sinalización do largo e das aliñacións de todas as vías.

3º. Cualificación urbanística de todo o núcleo, reflectindo a ordenanza ou ordenanzas de aplicación nel das establecidas no Plan básico autonómico.

4º. As clases e categorías de solo dos terreos estremeiros co solo de núcleo delimitado ou, de ser o caso, incorporado.».

Dezaoito. Modifícase a letra f) do número 2 do artigo 153, que queda redactada como segue:

«f) Listaxe das dotacións urbanísticas existentes, sinalando a clase e categoría de solo en que se encontran e a ordenanza ou ordenanzas do Plan básico autonómico que lles resulte de aplicación, asignándolles un código alfanumérico para a súa identificación, indicando o seu carácter público ou privado, e a súa superficie.».

Dezanove. Engádese unha nova letra g) no número 2 do artigo 153 coa seguinte redacción:

«g) Calquera outra circunstancia respecto da cal se impoña unha motivación ou xustificación na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, ou neste regulamento.».

Vinte. Engádese un apartado a.5) e un apartado a.6) ao artigo 154, coa seguinte redacción:

«a.5) Identificación e localización dos espazos libres, zonas verdes e equipamentos existentes, diferenciando o seu carácter público ou privado, de conformidade coa codificación que figure na parte II da memoria, segundo o artigo 153.2.f.

a.6) De ser o caso, plano que reflicta as delimitacións precedentes de núcleos rurais, indicando a súa data de aprobación.».

Vinte e un. Modifícase a letra a) do artigo 155, que queda redactada como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«a) Planos relativos á ordenación do territorio a escala mínima 1:5.000, nos cales se recolla a clasificación e categorización do solo de todo o municipio, incluíndo a identificación das dotacións urbanísticas coa codificación da parte II da memoria, conforme o artigo 153.2.f.».

Vinte e dous. Modifícase o artigo 191, que queda redactado como segue:

«Artigo 191. Procedemento de aprobación das delimitacións de solo de núcleo rural

1. A tramitación dos expedientes de delimitación do solo de núcleo rural axustarase ao seguinte procedemento:

a) No caso da delimitación no núcleo de áreas de actuación integral, antes de iniciar a tramitación, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras e/ou distribuidoras deberán informar, por solicitude do concello, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia ou necesidade de reforzo e ampliación das redes existentes. Transcorrido o prazo sen emitirse informe, poderá iniciarse o procedemento.

b) O concello, tras a súa aprobación inicial, someterá o expediente de delimitación a información pública por un prazo mínimo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión da provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente ás persoas titulares catastrais dos terreos respecto dos cales se proxecte unha modificación na súa clasificación urbanística.

O concello deberá solicitar, no momento que corresponda en cada caso, os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente (artigo 78.2.a) da LSG).

c) O expediente será aprobado provisionalmente polo órgano municipal competente para a aprobación do planeamento xeral (artigo 78.2.b) da LSG).

d) O concello remitirá o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a súa aprobación definitiva no prazo de tres meses, contado desde a recepción do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo (artigo 78.2.c) da LSG).

2. No suposto de expedientes de delimitación que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, seguiranse os trámites establecidos no artigo 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 144 deste regulamento, puntos 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 12 e 13 (artigo 78.3 da LSG).

3. No suposto de expedientes de delimitación que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada, con carácter previo ao sometemento a información pública, realizaranse os seguintes trámites:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) O órgano municipal competente remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á cal achegará a delimitación proposta e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente (artigo 78.4. a) da LSG).

b) O órgano ambiental, no prazo de dous meses, contado desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses. Entre os órganos que haberá que consultar estará o competente en materia de urbanismo (artigo 78.4.b) da LSG).

O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se o expediente de delimitación do solo de núcleo rural ten ou non efectos significativos no ambiente.

No caso de non prever efectos significativos, o expediente poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza (artigo 78.4.b) da LSG). No caso de prever efectos significativos sobre o ambiente, o informe determinará a necesidade de someter a delimitación do núcleo rural a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental (artigo 78.4.b) da LSG).».

Vinte e tres. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 230, que queda redactado como segue:

«Esta garantía deberá constituírse mediante calquera dos mecanismos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas. Será beneficiaria dela a administración actuante.».

Vinte e catro. Modifícase a letra a) do número 1 da disposición transitoria segunda, que queda redactada como segue:

«a) Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión aplicaráselles integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será aplicable o previsto no artigo 63.

Enténdese que resultan aplicables neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido nos artigos 36 a 40.»

Artigo 10. Modificación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 25 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«25. Praga ocasionada por fauna silvestre autóctona: aquela situación en que existe unha deterioración do hábitat natural ou das especies de flora ou fauna silvestres incluídas dentro do ámbito de aplicación desta lei, de tal modo que a dita situación sexa continua no tempo e estea por riba do limiar de tolerancia, entendido este como o límite a partir do cal a densidade da poboación dos individuos de fauna silvestre autóctona que conforman a praga poida ocasionar problemas ambientais, molestias ou produza ou poida producir prexuízos económicos ou danos de tal intensidade, extensión ou natureza que fagan necesaria a aplicación de medidas de control como medio máis eficaz para combatela.».

Dous. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia

Corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o exercicio das funcións que esta lei atribúe á Administración e ao Parlamento autonómicos respecto dos espazos, das especies (agás no caso das especies altamente migratorias no ámbito mariño) e dos hábitats e das áreas críticas situados no medio terrestre da comunidade autónoma de Galicia, así como no medio mariño cando exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño co espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente.».

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 13, que queda coa seguinte redacción:

«1. A consellaría competente en materia de patrimonio natural poderá declarar a situación de praga ocasionada por algunha especie de fauna silvestre autóctona cando exista unha deterioración do hábitat natural ou das especies de flora ou fauna silvestres incluídas dentro do ámbito de aplicación desta lei, de tal forma que a dita situación sexa continua no tempo e estea por riba do limiar de tolerancia, entendido este como o límite a partir do cal a densidade da poboación dos individuos de fauna silvestre autóctona que conforman a praga poida ocasionar problemas ambientais, molestias ou perdas económicas que produzan ou poidan producir prexuízos económicos ou danos de tal intensidade, extensión ou natureza que fagan necesaria a aplicación de medidas de control como medio máis eficaz para a combater.».

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 41, que queda redactado como segue:

«1. A declaración das reservas naturais será realizada mediante unha lei do Parlamento de Galicia.

As microrreservas serán declaradas por un prazo de tempo determinado, mediante un decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

competente en materia de conservación do patrimonio natural. Por vía regulamentaria desenvolverase o seu procedemento de declaración e os termos da revisión destas microrreservas. ».

Cinco. Engádese unha disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. Medidas de defensa e protección en materia de xestión da Rede Natura 2000 de Galicia

1. Terá a consideración de uso ou actividade permitida nos espazos protexidos Rede Natura 2000 de Galicia o mantemento das redes de faixas de xestión de biomasa por parte das correspondentes persoas responsables, sempre que se cumpran as seguintes condicións, e sen prexuízo do disposto nas especificacións técnicas relativas ao mantemento das redes de faixas de xestión de biomasa que desenvolva a consellaría competente en materia forestal:

a) No caso de precisar do emprego de maquinaria, prestarase especial atención a que non se provoque a compactación, erosión ou perda da estrutura do solo. Para tal finalidade, poderán empregarse máquinas portátiles ou pequenos tractores de rodas coa potencia mínima que permita axustar apeiros mecánicos.

b) Que non se provoque unha afección apreciable sobre os núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

2. Terán a condición de usos ou actividades autorizables nas zonas 1 dunha zona especial de conservación ou dunha zona de especial protección para as aves da Rede Natura 2000 as construcións ou instalacións destinadas á defensa forestal, cando non resulte posible a súa localización nas zonas 2 e 3 e sempre que quede acreditada a compatibilidade da actividade co mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats ou das especies protexidas, de conformidade co disposto nos artigos 46.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e 84 da Lei 5/2019, do 22 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.».

Artigo 11. Modificación da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia

O número 2 do artigo 27 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, queda modificado como segue:

«2. A persoa titular da consellaría competente en materia de caza disporá dun prazo de seis meses, contados a partir da presentación da solicitude, para resolver a petición e, en todo caso, o silencio será negativo. A consellaría competente poderá denegar a solicitude por razóns debidamente motivadas cando razóns de índole técnica, sanitaria, biolóxica, ambiental, de seguridade ou social así o recomenden.

Cando a autorización afecte espazos naturais protexidos, o promotor ou promotora debe presentar un proxecto para os efectos de que o órgano ambiental decida en cada caso, de forma motivada, se os devanditos proxectos deben someterse ou non a unha avaliación de impacto ambiental.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

CAPÍTULO III Medio rural

Artigo 12. Modificación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 67, que queda redactado como segue:

«5. Cometer inexactitudes, erros ou omisións nos datos ou informacións na etiquetaxe, os documentos de acompañamento, os documentos comerciais, os rexistros, a rotulación, a presentación e a embalaxe dos produtos alimentarios ou das materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias, se as ditas inexactitudes, erros ou omisións non se refiren a indicacións obrigatorias ou non afectan a súa natureza, identidade, calidade, características, composición, procedencia ou orixe dos produtos.».

Dous. Modifícase o número 18 do artigo 68, que queda redactado como segue:

«18. Cometer inexactitudes, erros ou omisións nos datos ou informacións na etiquetaxe, os documentos de acompañamento, os documentos comerciais, os rexistros, a rotulación, a presentación e a embalaxe dos produtos alimentarios ou das materias e elementos para a produción e a comercialización alimentaria se estas inexactitudes, erros ou omisións se refiren a indicacións obrigatorias e afectan a súa natureza, identidade, calidade, características, composición, procedencia ou orixe dos produtos.».

Tres. Modifícase o número 31 do artigo 68, que queda redactado como segue:

«31. A reincidencia na mesma infracción leve no termo dun ano. O prazo comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que a resolución adquira firmeza na vía administrativa. ».

Artigo 13. Modificación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de incendios forestais de Galicia

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de incendios forestais de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 12, que queda redactado como segue:

«Artigo 12. Perímetros de alto risco de incendio

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 22.5 para as zonas de actuación prioritaria e urxente, por existir unha situación obxectiva de grave risco para as persoas ou os bens nos casos de incumprimento por parte das persoas responsables das súas obrigas de xestión de biomasa vexetal, poderanse declarar perímetros de alto risco de incendios, con carácter non permanente, baseados na información histórica e nos datos estatísticos sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

protección do solo fronte á erosión, aqueles lugares en que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais, mediante resolución da persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de prevención de incendios forestais, contando cos oportunos informes previos.

2. A resolución conterá, ademais da descrición do perímetro, as medidas de xestión da biomasa que se terán que levar a cabo para a prevención de incendios forestais. Os traballos planificaranse en marxes de pistas, en áreas cortalumes e noutras actuacións encamiñadas a romper a continuidade dos combustibles forestais, actuando sobre a biomasa tanto por medios manuais como mecánicos ou mediante queimas controladas.

3. A dita resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial del Estado e no taboleiro de anuncios do concello en que estea radicado. Ao titular catastral notificaráselle a resolución co perímetro de alto risco de incendio e os labores que deberán realizar os titulares dos predios ou dos seus dereitos de aproveitamento para diminuír o risco de incendios forestais.

4. Os titulares dos predios ou dos dereitos de aproveitamento en que teñan que realizarse os traballos preventivos dispoñerán dun prazo de trinta días naturais, contados a partir do día seguinte ao da notificación, para realizalos e, no caso de non o faceren, a consellaría con competencias en materia de prevención de incendios poderá realizalos con cargo aos seus orzamentos, en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Sen prexuízo do anterior, a Administración autonómica, ao abeiro dos principios de cooperación e colaboración administrativa en prevención e defensa contra incendios, poderá conveniar cos concellos a realización dos citados traballos preventivos, no marco do previsto na normativa vixente, e, en concreto, na lexislación en materia de administración local e na de prevención e defensa contra incendios.

Co obxectivo de promover actuacións de fomento do emprego e, en particular, as ligadas aos programas de formación e práctica profesional, os convenios a que se refire o parágrafo anterior poderán prever a realización dos traballos preventivos a través de obradoiros duais de emprego organizados con tal fin polo concello.».

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 16, que queda redactado como segue:

«4. Os plans municipais poderán ser aprobados para a totalidade do territorio do concello ou progresivamente por fases.

Os concellos cuxos plans xerais de ordenación municipal (PXOM) estean en trámite de aprobación poderán elaborar os seus plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais baseándose nos devanditos PXOM. Logo da súa aprobación definitiva, os concellos modificarán, de ser necesario, os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais. Con carácter previo á aprobación por parte dos concellos das modificacións introducidas no plan, a dirección xeral competente en materia de prevención de incendios forestais emitirá preceptivamente e con carácter vinculante o seu informe sobre as devanditas modificacións.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Tres. Modifícase a letra c) do artigo 20 bis, que queda redactada como segue:

«c) Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica eólica deberá xestionarse a biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador de produción de enerxía eléctrica eólica instalado.

Así mesmo, nos camiños interiores das ditas instalacións a xestión da biomasa vexetal, no estrato arbustivo e subarbustivo, farase nos 5 metros desde a aresta exterior do camiño. Neste último suposto, non se exixirá a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas liñas de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, sen prexuízo do necesario respecto das especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación, deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde a proxección dos condutores eléctricos máis externos, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa sectorial vixente. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estrema da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Nas instalacións de produción de enerxía eléctrica solares e nas subestacións eléctricas deberase xestionar a biomasa nunha faixa de 5 metros desde o último elemento en tensión e desde os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas. Ademais, na devandita faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

Se nas subestacións eléctricas existen edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil, ás devanditas edificacións seralles aplicable o disposto no artigo 21 para as edificacións ou vivendas illadas.

Para todas as instalacións indicadas nesta letra, a xestión da biomasa incluirá a retirada desta por parte da persoa que resulte responsable consonte o artigo 21 ter.

Para estes efectos, a persoa responsable deberá remitir ao taboleiro de edictos do concello un anuncio, con quince días de antelación ás operacións de xestión da biomasa, para os efectos de que os propietarios dos terreos poidan executalas previamente, no caso de estaren interesados. Transcorrido o devandito prazo sen que se fixese a correspondente xestión de biomasa, a persoa responsable estará obrigada á súa realización. No caso de que o propietario do terreo non tivese executada a xestión da biomasa e non lle conceda permiso ao titular da instalación para realizar esta xestión, a persoa titular da instalación deberá comunicalo ao órgano competente en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para a adopción das medidas oportunas, segundo o previsto no artigo 22, por ser de interese xeral evitar a xeración e a propagación de incendios forestais. Desde o momento en que o titular da instalación remita a mencionada comunicación ao órgano competente, será o propietario dos terreos o que pase a ter a condición de persoa responsable para os efectos do previsto nesta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 22, que queda redactado como segue:

«3. Cando non poida determinarse a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, intentada esta, non se poida practicar a notificación da comunicación prevista no número anterior, farase por medio dun anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial del Estado e no taboleiro de anuncios do concello, e conterá os datos catastrais da parcela. Nestes supostos, o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado.

No suposto previsto no parágrafo anterior, a publicación no Diario Oficial de Galicia non supoñerá ningún custo para as entidades locais, sen que poida aplicarse ningunha taxa pola devandita publicación.».

Artigo 14. Modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras

A Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, queda modificada como segue:

Un. O artigo 47 ter queda redactado como segue:

«Artigo 47 ter. Fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo

1. Nas aldeas modelo procurarase a recuperación da actividade económica e social dos núcleos incluídos nelas, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación. Para estes efectos, a consellaría competente en materia de medio rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, coordinará as súas actuacións, ademais de cos respectivos concellos, coas consellarías e entidades competentes para promover, entre outras finalidades, a recuperación da capacidade agronómica do perímetro da aldea modelo, a rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística do seu núcleo e a promoción do emprego.

2. As aldeas modelo localizaranse en zonas en abandono ou infrautilización de alta ou especial capacidade produtiva para un ou varios cultivos ou aproveitamentos, e terán por obxecto principal a volta á produción de áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo estados de abandono e/ou infrautilización, recuperando deste xeito unha acaída actividade económica agroforestal.

3. Os concellos interesados na declaración dunha aldea modelo no seu termo municipal deberán presentar unha solicitude acompañada dunha proposta de perímetro dela e da documentación xustificativa dos seguintes requisitos:

a) Que o concello xustifique que dispón do acordo dos titulares dos dereitos de aproveitamento que alcancen o mínimo do 70 % da superficie do perímetro proposto da aldea modelo, no que deberá incluírse, cando menos, o 70 % dos terreos que, de acordo coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, se definan como faixas secundarias de xestión da biomasa. O requisito da porcentaxe mínima de superficie da faixa secundaria poderá ser excepcionado pola Axencia Galega de

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Desenvolvemento Rural cando, por razóns de carácter técnico, agronómico ou produtivo, así se xustifique.

Coa solicitude os concellos presentarán unha relación de persoas titulares de dereitos de aproveitamento das parcelas incluídas dentro da proposta de perímetro de aldea modelo, con indicación das persoas titulares que non foi posible localizar e as que rexeitaron a súa inclusión.

Os titulares dos dereitos de aproveitamento sobre parcelas incluídas no perímetro proposto con facultades para arrendalas conforme a lexislación civil, e que voluntariamente acorden adherirse a unha aldea modelo, deberán asumir un compromiso de incorporación das ditas parcelas ao Banco de Terras para a súa cesión por un período mínimo de cinco anos, incluíndo o permiso de entrada nelas para a realización das actuacións preparatorias necesarias para materializar a cesión.

Esta cesión permitirá que o Banco de Terras intermedie entre os ditos titulares de dereitos de aproveitamento con facultades arrendaticias e posibles persoas explotadoras das ditas terras, logo de fixar a ordenación produtiva mais acaída a elas e a súa limpeza.

A cesión realizarase mediante a sinatura dun modelo normalizado aprobado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no que se declare a firmeza dos compromisos asumidos, incluído o da formalización por parte dos referidos titulares de dereitos de aproveitamento, dos contratos de arrendamento coas persoas arrendatarias nas condicións que resulten de aplicar a correspondente guía de ordenación produtiva e do resultado do procedemento de concorrencia para a selección das persoas arrendatarias previsto na presente lei.

b) Que o concello se encontre adherido ao sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias definido no artigo 21 quater da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

c) Que exista grave situación de abandono nun mínimo do 50 % do perímetro proposto.

d) Que as terras incluídas no perímetro proposto posúan maioritariamente boas características produtivas.

4. A concorrencia dos requisitos expostos deberá ser avaliada polo órgano xestor do Banco de Terras de Galicia, que deberá emitir para tal efecto un informe favorable.

5. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta da persoa titular da súa dirección xeral, tendo en conta as solicitudes dos concellos interesados e unha vez incorporado ao expediente o informe favorable do órgano xestor do Banco de Terras de Galicia, formulará a declaración de aldea modelo, e iniciarase a elaboración dunha guía de ordenación produtiva para o seu desenvolvemento. O ámbito da zona de actuación definirase por un perímetro de actuación integral, que poderá abranguer terreos que non se recollan na guía de ordenación produtiva da aldea modelo por estaren xa en explotación ou parcelas que foron excluídas voluntariamente polas persoas titulares. En calquera caso, as parcelas excluídas deberán cumprir cos requisitos de limpeza e mantemento recollidos nesta lei.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6. A declaración de aldea modelo determinará a asunción por parte da consellaría con competencias en medio rural da limpeza dos terreos dos titulares incluídos no seu perímetro.

7. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá acometer, total ou parcialmente, as actuacións técnicas necesarias, incluídas, de ser o caso, a redacción dos proxectos de obras e instalacións e a súa execución para a primeira posta en produción da actividade.

As obras promovidas polos titulares das propostas seleccionadas nas actuacións de execución das aldeas modelo deberán obter os correspondentes títulos habilitantes de natureza urbanística establecidos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro. Caso de ser necesario, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá proceder a solicitar os correspondentes informes sectoriais. Os ditos informes sectoriais deberán ser emitidos nun prazo de dez días, sen prexuízo dos diferentes prazos que poidan ser establecidos pola lexislación sectorial. De non seren emitidos no prazo establecido todos os informes solicitados continuarase a tramitación, presentándose ante o concello a documentación correspondente para a execución das actuacións técnicas, obras ou instalacións.

8. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá recuperar os custos de acondicionamento, limpeza e posta en cultivo dos predios que asumise tendo en conta as potencialidades produtivas da aldea modelo. De ser o caso, esta previsión recollerase nun acordo asinado co arrendatario no momento da sinatura dos contratos de arrendamento.

9. A aprobación da declaración de aldea modelo e da guía de ordenación produtiva determinará que os terreos das faixas secundarias de xestión da biomasa da aldea modelo que non estean incluídos no perímetro de aldea modelo ou que, incluídos nel, non se incorporen ao Banco de Terras, poidan acollerse ao sistema público de xestión da biomasa definido no artigo 21 quater da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Nestes casos, se os titulares dos terreos aceptan a súa incorporación ao indicado sistema, a Administración autonómica aplicará a tarifa correspondente durante o prazo de duración do dito sistema.

10. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural promoverá a adopción de acordos con operadores económicos co obxectivo de intentar garantir a viabilidade económica da aldea modelo mediante o compromiso, entre outros, de adquisición das producións resultantes da posta en valor dos terreos, sen prexuízo da liberdade de contratación das persoas arrendatarias dos terreos.

11. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural impulsará a creación dunha rede de aldeas modelo de Galicia como instrumento de colaboración funcional entre elas, que terá os seguintes obxectivos: a posta en común de experiencias e información; a coordinación de producións e a xeración de sinerxías entre as diferentes aldeas modelo; a promoción e posta en valor dos produtos procedentes destas aldeas modelo e a consecución por estes de estándares de excelencia.».

Dous. Engádese un artigo 47 quater coa seguinte redacción:

«Artigo 47 quater. Guías de ordenación produtiva

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. As guías de ordenación produtiva configúranse como un documento técnico no que se delimitarán os usos produtivos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas na aldea modelo e serán elaboradas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, co seguinte contido mínimo:

a) A delimitación do perímetro.

b) A relación das parcelas incluídas no perímetro e mais das parcelas excluídas e as súas causas de exclusión, así como a relación das parcelas cuxas persoas titulares non foi posible localizar, de acordo coa certificación do concello, que poderán ser incorporadas cautelarmente ao Banco de Terras de Galicia, segundo o disposto no artigo 47 bis.

c) A determinación daqueles cultivos ou aproveitamentos para os cales exista unha maior aptitude, tecnicamente xustificada, desde o punto de vista económico, técnico, social e ambiental, na totalidade ou nunha parte do perímetro, que serán considerados como preferentes, e aqueloutros que, sen presentaren as anteriores características, non impliquen danos de carácter social ou ambiental, que serán considerados secundarios.

d) O parcelario interior, xunto coa aptitude ou aptitudes produtivas de cada parcela, e a relación de persoas asinantes xunto coas parcelas afectadas.

e) Os prazos de arrendamento para todos os grupos de cultivos ou aproveitamentos, con indicación expresa de que, por razóns técnicas, sexa necesaria unha ampliación do período mínimo de cinco anos.

f) A descrición das obras e infraestruturas necesarias para a posta en produción das actividades que se desenvolverán na aldea modelo, sen prexuízo da súa posterior concreción na convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a selección de propostas de aproveitamento das parcelas incorporadas á aldea modelo.

g) Os prezos mínimos de arrendamento que resulten aplicables ás parcelas sobre as que existe un compromiso de incorporación ao Banco de Terras para a súa cesión ulterior en arrendamento.

h) A descrición das actuacións de limpeza dos terreos do perímetro que resulta preciso acometer con carácter previo ao inicio do procedemento de selección das propostas de aproveitamento.

2. Os borradores de guías de ordenación produtiva serán sometidos a un trámite de información pública polo prazo dun mes mediante anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de anuncios do concello en que se sitúe a aldea e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, onde estará dispoñible toda a documentación. Concluído o trámite de información pública, avaliaranse todas aquelas alegacións presentadas e incorporaranse, se for o caso, as modificacións procedentes no contido do borrador da guía de ordenación produtiva.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. O Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, concluída a tramitación anterior e por proposta da persoa titular da súa dirección xeral, aprobará a guía de ordenación produtiva. A dita aprobación será publicada no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos dos concellos onde se sitúe a aldea modelo e na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

4. Unha vez publicada a aprobación definitiva da guía de ordenación produtiva e concluídos os traballos de limpeza do perímetro de actuación da aldea modelo, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural procederá a realizar a convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva para a selección de propostas para o aproveitamento de parcelas incorporadas á aldea modelo, establecendo os requisitos de admisión das propostas de participación.

Na referida convocatoria determinaranse os criterios mais acaídos de preferencia para a selección das propostas de aproveitamento dos terreos incorporados á aldea modelo mediante a tramitación dun procedemento de concorrencia competitiva. Entre outros, poderanse ter en conta os seguintes:

1º. A complementariedade con outros proxectos de aldea modelo e a xeración de sinerxías.

2º. As orientacións produtivas definidas como preferentes, que se priorizarán respecto das secundarias.

3º. A ampliación da base territorial das explotacións existentes.

4º. A produción ecolóxica.

5º. As propostas que abrangan maior superficie dentro do perímetro da aldea modelo e as que asuman a realización dun maior volume de obras precisas e a asunción dos custos da súa execución, segundo a guía de ordenación produtiva para a implantación de actividades de explotación.

6º. A continuidade con outras iniciativas de mobilidade de terras.

7º. As propostas que sexan presentadas por persoas que manifesten o seu compromiso de residir habitualmente na aldea modelo.

8º. A renda, outorgando a puntuación máxima a incrementos do 100 % sobre o prezo unitario mínimo que figure na guía de ordenación produtiva. Este valor ponderarase proporcionalmente para aqueles prezos comprendidos entre o prezo base e o 100 % de incremento.

9º. A incorporación á actividade agraria, valorándose a creación de novas explotacións, así como a incorporación de persoas mozas e de mulleres que asuman a titularidade ou cotitularidade das explotacións.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

10º. A achega de terras que xa formen parte do perímetro ao ámbito de actuación da aldea modelo. Obterán a puntuación máxima as persoas que acheguen terras xestionadas por elas mesmas.

5. As propostas de participación deberán conter unha memoria que identifique, como mínimo, os terreos que se pretenden aproveitar, os cultivos ou aproveitamentos correspondentes e a renda que se satisfará aos titulares dos dereitos sobre eles, nos termos establecidos na guía de ordenación produtiva. Tamén deberán achegar, se así se recolle na convocatoria, un proxecto básico das obras que pretendan realizar para o desenvolvemento da súa proposta.

Para os efectos da valoración das propostas e da súa viabilidade, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá requirir canta documentación complementaria coide pertinente, incluída a presentación dun proxecto de execución da actuación proposta.

Caso de se presentaren propostas que impliquen a cesión de terreos por un prazo superior ao mínimo de cinco anos, antes da selección da proposta deberá darse traslado aos titulares dos dereitos sobre os terreos para que presten a súa conformidade. No caso de que algún dos titulares non acepte o prazo, darase traslado á persoa propoñente para que reformule a súa proposta. En caso contrario, non poderá ser seleccionado.

6. O órgano de xestión do Banco de Terras de Galicia emitirá unha proposta de selección das propostas admitidas na que se xustifique a aplicación dos criterios de prioridade establecidos na convocatoria, de acordo coas previsións da guía de ordenación produtiva da aldea modelo. Correspóndelle á persoa titular da dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a resolución do procedemento de selección, que tamén poderá declarar que este quede deserto, cando as ofertas presentadas non cumpran os requisitos.

Caso de non se presentaren en prazo propostas para o aproveitamento dalgunha das parcelas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá acordar a apertura dun novo prazo de presentación e admitiranse as propostas que se presenten dentro do novo prazo atendendo á súa prioridade temporal, sempre que cumpran os requisitos de admisión do número catro deste artigo e o prazo de duración do compromiso de incorporación dos titulares dos dereitos de aproveitamento das parcelas ao Banco de Terras.

7. Notificarase a cada participante a estimación ou desestimación da súa solicitude con indicación dos recursos que procedan.

8. Unha vez resolto o procedemento de selección, procederase á incorporación das parcelas ao Banco de Terras de Galicia e á sinatura dos contratos de arrendamento coa persoa que formulou a proposta seleccionada.».

Artigo 15. Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, queda modificada como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Un. Modifícase o número 4 do artigo 8, que queda coa seguinte redacción:

«4. Axente forestal: de conformidade co artigo 6 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, defínese como o funcionario que ten a condición de axente da autoridade pertencente ás administracións públicas que, de acordo coa súa propia normativa e con independencia da denominación corporativa específica, ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico, tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de axuizamento criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces e tribunais e do Ministerio Fiscal, e de maneira coordinada coas forzas e corpos de seguridade, con respecto ás facultades da súa lexislación orgánica reguladora.».

Dous. O número 2 do artigo 54 queda coa seguinte redacción:

«2. A comunidade propietaria examinará e discutirá a documentación presentada e a continuación remitirá á Administración forestal unha proposta con plano topográfico, xunto con toda a documentación e as alegacións presentadas. Examinadas a documentación e a proposta de deslindamento provisional, a Administración forestal emitirá informe.».

Tres. Modifícase a letra j) do número 1 do artigo 126, que queda coa seguinte redacción:

«j) Rexistro de Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta, no cal se inscribirán as agrupacións forestais de xestión conxunta que voluntariamente se constitúan de acordo cos requisitos establecidos nesta lei. O rexistro das sociedades de fomento forestal existente con anterioridade á creación deste rexistro queda integrado nel.».

Catro. Engádese a letra o) ao número 1 do artigo 126, coa seguinte redacción:

«o) Rexistro de Montes de Socios.».

Cinco. Engádese unha disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. Montes de socios

1. De conformidade co artigo 27 bis da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, son montes de socios aqueles cuxa titularidade corresponde, en pro indiviso, a varias persoas e algunhas delas son descoñecidas, con independencia da súa denominación e da súa forma de constitución.

2. O réxime de organización e funcionamento destes montes será o establecido no devandito artigo 27 bis da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.».

Seis. Modifícase o número 4 da disposición transitoria sexta, que queda coa seguinte redacción:

«4. Transcorridos os prazos establecidos no número 1 sen que os montes ou terreos forestais dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal, quedan prohibidos os

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

aproveitamentos comerciais de madeira entrementres non se doten do dito instrumento. Exceptúanse desta prohibición os aproveitamentos de obrigada execución, os de madeira queimada e as cortas sanitarias.».

Artigo 16. Plan forestal de Galicia

Para os efectos da avaliación ambiental estratéxica da primeira revisión do Plan forestal de Galicia, a consellaría competente na materia forestal presentará ante o órgano ambiental o estudo ambiental estratéxico e a proposta final do plan ou programa, tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas xa realizados, nun prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, para a súa tramitación de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Artigo 17. Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común

Engádese unha disposición adicional sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. Prazo para a realización de asembleas xerais e prórroga do mandato das xuntas reitoras

1. As asembleas xerais das comunidades de montes veciñais en man común, no que respecta ás obrigas previstas na Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, en canto ao seu funcionamento e gobernanza, poderán, en función da evolución da situación de emerxencia sanitaria causada pola covid-19, aprazar a renovación de xuntas reitoras, a actualización do censo de comuneiros e do libro de contabilidade e a celebración anual de asembleas xerais e, por tanto, a aprobación de actos de disposición e outras obrigas normativamente previstas, como a comunicación anual de reinvestimentos.

2. Respecto do mandato das xuntas reitoras das comunidades de montes afectadas no relativo á súa renovación pola emerxencia sanitaria existente, e cuxa vixencia se vise afectada polas medidas excepcionais adoptadas desde o 14 de marzo de 2020, entenderase prorrogado ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que poidan ser renovados ou separados en calquera momento anterior polo órgano competente.

As xuntas reitoras poderán tomar as decisións que resulten indispensables e necesarias para a boa gobernanza e xestión do monte veciñal en man común. Unha vez finalizado este período excepcional deberán informar cumpridamente os comuneiros da totalidade dos acordos adoptados e dos motivos que xustificaron a súa adopción, e, así mesmo, deben ser expresamente referendados na primeira asemblea xeral que teña lugar, en canto a situación sanitaria o permita.

As modificacións previstas nesta disposición serán aplicables directamente ás comunidades de montes en man común con independencia do que dispoñan os seus estatutos. Non obstante, cando se pretenda modificar os estatutos vixentes, estes deberán adaptarse integramente ao disposto nesta lei.»

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

CAPÍTULO IV Infraestruturas e mobilidade

Artigo 18. Modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galici a

Engádense un número 9 e un número 10 ao artigo 11 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, coa seguinte redacción:

«9. En materia de desenvolvemento sustentable, a realización de programas, proxectos e accións de cooperación para a implementación da Axenda 2030 e a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable en materia de augas.

10. En materia de cooperación ao desenvolvemento, a realización de programas, proxectos e accións de cooperación en materia de augas acordes coa Estratexia galega de acción exterior.».

Artigo 19. Modificación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia

A Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Suprímese a letra a) do artigo 47.

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 53, que queda redactado como segue:

«2. As persoas titulares de autorizacións administrativas para o exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor domiciliadas en Galicia estarán obrigadas a colocar en todos os vehículos adscritos á dita autorización un distintivo que identifique esta actividade, consonte as condicións de deseño, emisión, uso e validez temporal que aprobará a consellaría competente en materia de transportes.

En todo caso, o dito distintivo consistirá nun autoadhesivo vinilo que deberá colocarse na parte dianteira do vehículo, e será emitido aos titulares dos correspondentes títulos habilitantes polos órganos administrativos competentes para o outorgamento ou visado periódico das correspondentes autorizacións administrativas habilitantes.

Os vehículos non poderán levar ningunha publicidade nin signos externos identificativos, agás o distintivo regulado neste artigo.».

Tres. Suprímese o artigo 55.

Catro. Modifícase a letra l) do artigo 61, que queda coa seguinte redacción:

«l) A recollida de clientes en réxime de arrendamento con condutor que non contratasen previamente o correspondente servizo.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Quinto. Modifícase a letra j) do artigo 61, que queda redactada como segue:

«j) Non dispoñer, no caso de autorizacións de arrendamento de vehículos con condutor, do número mínimo de vehículos ou carecer das características exixibles a estes, entre as que se inclúe a utilización do distintivo regulado no número 2 do artigo 53.».

Sexto. Suprímese a letra j) do artigo 62.

Sétimo. Suprímese a letra a) do número 2 da disposición transitoria décimo primeira.

Artigo 20. Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galici a

Un. Engádese unha nova letra c) ao número 2 do artigo 6, coa seguinte redacción:

«c) Treitos antigos de estradas xerados como resultado da execución dunha variante de trazado da estrada orixinal e que dispoñan de calzada e conexión coa rede viaria.».

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 10, que queda redactado como segue:

«1. Os catálogos de estradas son os instrumentos públicos que serven para identificar, inventariar, clasificar e, se for o caso, categorizar funcionalmente as estradas das redes de cada administración titular.».

Tres. Engádense as letras e) e f) ao número 6 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«e) O cambio de categoría funcional de estradas, cando non se tramitase un expediente ao respecto.

f) O resto de supostos previstos regulamentariamente.».

Catro. Modifícase a letra d) do número 7 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«d) O cambio de categoría funcional dunha estrada, cando se tramitase un expediente ao respecto.».

Cinco. Engádese unha nova letra e) ao número 7 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«e) O resto de supostos previstos regulamentariamente.».

Seis. Modifícase o artigo 40, que queda redactado como segue:

«Artigo 40. Delimitación da zona de afección

A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas a elas e medidas horizontal e ortogonalmente desde as liñas exteriores da zona de dominio público, a unha distancia de:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

a) Cen metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.

b) Trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.».

Sete. Modifícase a letra d) do número 1 do artigo 43, que queda redactada como segue:

«d) Excepcionalmente, apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos cando sexan empregados de xeito compartido coa rede de iluminación pública, fóra dos seus treitos urbanos e sempre que non se trate de apoios de redes eléctricas de alta tensión.

Así mesmo, reposición de apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos afectados por obras na estrada, no caso de que estas obras sexan promovidas pola administración titular da estrada.».

Oito. Modifícase a letra g) do número 1 do artigo 43, que queda redactada como segue:

«g) As instalacións provisionais, cun prazo fixado, asociadas a actividades de interese, de uso ou de acceso público, ou para a realización de actividades relacionadas coa conservación ou construción de instalacións industriais ou de edificacións, así como as obras, instalacións e usos provisionais de interese particular en terreos afectados por anteproxectos, proxectos de trazado e proxectos de construción aprobados definitivamente e cuxas obras non se iniciasen.».

Nove. Modifícase a letra c) do número 2 do artigo 43, que queda redactada como segue:

«c) Excepcionalmente, apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos, cando polas condicións orográficas do terreo resulte tecnicamente inviable retiralos a maior distancia ou sexan os apoios extremos do van de cruzamento aéreo sobre a plataforma, fóra dos seus treitos urbanos e sempre que non se trate de apoios de redes eléctricas de alta tensión.».

Dez. Engádese unha nova letra d) ao número 2 do artigo 43, coa seguinte redacción:

«d) A instalación dun único apoio pertencente a unha rede ou infraestrutura aérea de servizos públicos para cada paso da rede aérea a canalización subterránea, e de subterránea a aérea.».

Once. Modifícase a letra d) do número 1 do artigo 44, que queda redactada como segue:

«d) Peches completamente diáfanos, sobre piquetes sen cimentación de obra de fábrica. ».

Doce. Modifícase o número 2 do artigo 47, que queda redactado como segue:

«2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas se refire,

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

correspóndelle á administración titular da estrada, excepto na corta de arboredo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, logo de informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.».

Trece. Modifícase o número 2 do artigo 51, que queda redactado como segue:

«2. O prazo de garantía será dun (1) ano como máximo desde a data da acta de conformidade, de ser o caso. A garantía será independente das taxas que, con carácter xeral, se devindiquen pola tramitación do expediente da autorización e sen prexuízo das responsabilidades en que se puidese incorrer polo incumprimento das condicións establecidas naquela.».

Catorce. Modifícase o artigo 54, que queda redactado como segue:

«Artigo 54. Réxime xeral e competencia

A competencia para a execución das medidas de protección da legalidade viaria previstas neste capítulo correspóndelle á administración titular da estrada, que poderá requirir o auxilio da forza pública cando resulte necesario para a súa execución.».

Quince. Engádese unha nova disposición transitoria cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuarta. Treitos urbanos en planeamento non adaptado

Nos solos incluídos no ámbito dos núcleos rurais, delimitados, ao abeiro da Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, en plans urbanísticos aprobados definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e non adaptados á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, independentemente da súa clasificación como solo urbano, para efectos desta lei, os treitos de estradas que discorran por estes solos terán a consideración de treito urbano cando se cumpran as condicións que para o solo de núcleo rural se establecen no artigo 7.».

Artigo 21. Modificación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas

O artigo 80 da Lei 9/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais e administrativas, queda redactado como segue:

«Adaptación da explotación dos contratos de concesión públicos de transporte regular de uso xeral ou mixtos por razón de integración de servizos ou melloras na explotación.

Un. A Administración poderá introducir, en calquera momento, alteracións ou modificacións nas condicións de explotación dos contratos de concesión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral ou mixtos, coa finalidade de atender a demanda de transporte xerada por persoas usuarias dos servizos públicos de transporte que oferte a Xunta de Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Dous. Identificada a necesidade de modificar as condicións de prestación dun servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral da competencia da Xunta de Galicia, aos procedementos de adaptación das súas condicións de prestación iniciados de oficio polo responsable do correspondente contrato de concesión, e aos iniciados por solicitude de interesado, resultaranlles de aplicación as seguintes especialidades:

1. O responsable do contrato poderá ditar unha medida cautelar de carácter executivo na que disporá a súa prestación por parte da empresa contratista elixida para tal fin, consonte o previsto nos correspondentes contratos de concesión de servizos públicos de transporte. Esta medida cautelar terá carácter executivo e será de obrigado cumprimento para o contratista, que deberá adaptar a explotación do servizo no prazo que nela se estableza.

2. Sen prexuízo do indicado carácter executivo da medida executiva da Administración, desde a súa recepción o concesionario disporá do prazo de dez días para a formulación de alegacións. Por este mesmo prazo, a Administración dará audiencia a calquera outro interesado.

3. Cando a modificación das condicións de explotación implique a creación dunha nova parada, ou a modificación dunha xa existente, sen prexuízo do carácter executivo das medidas cautelares que se puideren adoptar consonte o establecido anteriormente, darase audiencia ao titular da vía no prazo sinalado no punto anterior.

No caso de formulación de alegacións que impliquen a negativa á creación ou á instalación dunha parada, o titular da vía deberá presentar unha ou varias alternativas en que xustifique o mantemento dunha análoga ou mellor funcionalidade para as persoas usuarias.

4. Analizadas as alegacións formuladas, se for o caso, o responsable do contrato ditará a resolución definitiva.

Tres. Mediante unha resolución conxunta dos departamentos da Xunta de Galicia con competencia en materia de transportes e cada un dos ámbitos sectoriais obxecto de integración, estableceranse protocolos administrativos de actuación para a recepción, validación e aprobación das novas demandas de prestación de servizos de transporte público.

Catro. Igualmente, nos termos previstos nesta lei e na normativa básica de aplicación, a mellora nas condicións de prestación do servizo público de transporte, a implantación de solucións de explotación innovadoras como a xestión baixo demanda, ou a integración de servizos de transporte, consideraranse causas de interese público xustificativas da modificación de oficio dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de uso xeral que estean en explotación, nos termos previstos no segundo parágrafo do artigo 3.1 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema do transporte público de Galicia, logo de audiencia do contratista.

Nestes casos, a Administración deberá prever as compensacións que resulten esenciais para, mantendo as condicións de equilibrio económico dos indicados contratos e o principio de risco e ventura que lles é propio, resarcir o contratista polas novas obrigas de servizo público que se lle impoñan.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

CAPÍTULO V Mar

Artigo 22. Modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O número 8 do artigo 4 queda redactado como segue:

«8. Establecementos auxiliares de cultivos mariños: son aqueles establecementos que teñen como función principal a depuración, a expedición, o almacenamento, o mantemento, a clasificación e a regulación comercial dos cultivos mariños e, de ser o caso, doutros produtos pesqueiros, coa finalidade de posibilitar a súa chegada ás persoas consumidoras nas condicións hixiénico-sanitarias que a lei demanda.».

Dous. O número 12 do apartado F) do artigo 137 queda redactado como segue:

«12. A tenza, a consignación, o almacenamento, o transporte, a exposición e a primeira venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de tamaño ou peso inferiores aos regulamentarios. Nos supostos en que estas condutas afecten as diferentes especies de moluscos e se realicen en lonxa ou en calquera dos establecementos autorizados para a primeira venda, o volume total vendido de tamaño ou peso inferior ao mínimo nun día deberá ser superior ao 10 % do total comercializado para esa especie. No caso de que esta porcentaxe sexa inferior ou igual ao 10 %, e a súa captura se considere non intencionada, considerarase infracción leve, e non poderá ser obxecto de comercialización.».

Tres. O número 6 do apartado G) do artigo 137 queda redactado como segue:

«6. A tenza, a consignación, o transporte, o tránsito, o almacenamento, a transformación, a exposición e a venda, en calquera das formas previstas legalmente, de produtos pesqueiros prohibidos ou de tamaño ou peso inferiores aos regulamentarios.

Nos supostos en que estas condutas afecten as diferentes especies de moluscos e se realicen en lonxa ou en calquera dos establecementos autorizados para a primeira venda, o volume total vendido de tamaño ou peso inferior ao mínimo nun día deberá ser superior ao 10 % do total comercializado para esa especie. No caso de que esta porcentaxe sexa inferior ou igual ao 10 %, e a súa captura se considere non intencionada, considerarase infracción leve, e non poderá ser obxecto de comercialización.».

Artigo 23. Modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia

A Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, queda modificada como segue:

Un. O artigo 48 queda redactado como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«Artigo 48. Obras de dragaxe

1. Toda execución de obras de dragaxe ou a vertedura de produtos de dragaxe no dominio público portuario suxeito ao ámbito de aplicación desta lei requirirá autorización de Portos de Galicia sobre a base do correspondente proxecto, sen prexuízo doutros informes previstos na lexislación vixente.

Consonte o disposto na lexislación de portos do Estado e da mariña mercante, cando as obras de dragaxe ou a vertedura dos produtos de dragaxe poidan afectar a seguridade da navegación na zona portuaria, particularmente nas canles de acceso e nas zonas de fondeo e manobra, exixirase informe previo e favorable da Administración marítima. Así mesmo, a vertedura fóra das augas do dominio público portuario dos produtos das dragaxes deberá ser autorizada pola Administración marítima, contando co informe previo das administracións con competencias concorrentes por razón da materia ou do ámbito.

2. Os proxectos de dragaxe incluirán un estudo da xestión dos produtos de dragaxe que terá en conta as características do material e das zonas de dragaxe, vertedura ou colocación. Darase prioridade aos usos produtivos fronte á vertedura ao mar. O contido dos estudos axustarase ao regulado na normativa e lexislación de aplicación na materia.

3. Cando o proxecto de dragaxe se someta, independentemente ou xunto con outros proxectos, ao procedemento previsto na lexislación sobre avaliación de impacto ambiental, terase en conta o recollido neste artigo respecto dos informes e autorizacións necesarias, no curso do devandito procedemento.».

Dous. A letra b) do número 1 do artigo 71 queda redactada como segue:

«b) Concesións de portos e instalacións náutico-deportivas, construídos ou non por particulares, agás cando o solicitante sexa un club náutico ou entidade náutica deportiva sen fins lucrativos, sempre, neste caso, que as condicións da concesión establezan unha limitación do 20 % para o número de postos de atracada destinado a embarcacións con eslora superior a 12 metros.».

Tres. A letra e) do número 2 do artigo 73 e o último parágrafo do número 2 quedan redactados como segue:

«e) A ampliación do prazo inicial da concesión cando o título de outorgamento non prevexa a posibilidade de prórroga, de acordo co previsto no artigo 67.2, ou cando se prevexa a realización dun investimento relevante, que en todo caso sexa superior ao dez por cento do valor actualizado do investimento inicial recoñecido.

No cómputo dos límites establecidos teranse en conta os valores acumulados das modificacións anteriores.».

Catro. Engádese un novo número 3 ao artigo 102 coa seguinte redacción:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«3. Para os efectos da documentación requirida para a solicitude dunha autorización temporal de uso de postos de atracada, observarase o establecido no artigo 24 do Decreto 130/2013, do 12 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, non sendo de aplicación o artigo 61 desta lei, salvo o número 1, letras a) e g).».

Cinco. O número 3 do artigo 107 queda redactado como segue:

«3. No caso de existir un concesionario, a persoa titular deberá aboar a este as tarifas por prestación de servizos diversos aprobadas por Portos de Galicia. As ditas tarifas deberán ser aboadas polo período completo autorizado cun mínimo de seis meses, que deberán ser naturais, sen que o concesionario estea obrigado a reintegrar ningunha cantidade no caso de abandono da praza de atracada antes do tempo establecido.».

Seis. A letra b) do número 1 do artigo 110 queda redactada como segue:

«b) Polo non pagamento dunha liquidación en concepto de taxa portuaria X-5 durante un prazo de seis meses, que deberán ser naturais, con independencia de que o seu aboamento sexa exixido de maneira directa pola Administración portuaria ou de que exista unha subrogación no pagamento por parte dun concesionario conforme o establecido na Lei 6 /2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para iniciar o expediente de caducidade será suficiente con que non se efectuase o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo se antes de ditar a resolución se produce o aboamento íntegro da débeda, incluídos os xuros e as cargas derivados do procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto e de maneira discrecional poida fixar Portos de Galicia.».

Sete. O número 4 do artigo 111 queda redactado como segue:

«4. Os servizos prestados nos portos só poderán limitarse ou denegarse nos casos en que as persoas usuarias non reúnan as condicións establecidas nesta lei, ou na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, nos regulamentos correspondentes, nos pregos xerais dos servizos ou no título correspondente. A información sobre os servizos e as condicións de prestación realizarase de acordo coa lexislación que protexe as persoas consumidoras e usuarias.».

Oito. O número 1 do artigo 113 queda redactado como segue:

«1. Son servizos portuarios xerais aqueles servizos comúns que permiten a realización de operacións de tráfico portuario, cuxa titularidade e prestación reserva para si Portos de Galicia e dos cales se benefician as persoas usuarias do porto sen necesidade de solicitude, salvo no caso daqueles servizos xerais dos portos cuxo réxime de prestación estableza a necesidade de formular solicitude previa por parte do usuario.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Nove. Modifícase a letra h) e engádense as letras i) e j) ao número 2 do artigo 113, que quedan redactadas como segue:

«h) O servizo de recepción de refugallos xerados por buques, que comprende a recepción de refugallos e residuos dos anexos I, IV, V ou VI do Convenio MARPOL 73/78.

i) O servizo de recollida de refugallos xerados nos portos, que comprende todos aqueles residuos producidos pola realización da actividade económica, industrial ou comercial que se desenvolve neles.

Quedan excluídos, entre outros, os refugallos que deriven da actividade comercial, industrial e de servizos desenvoltas polos usuarios e sectores portuarios, por calquera título que ampare a súa operatividade nos portos, entre eles os residuos de tipo industrial, da construción, os subprodutos de animais tipo sandach e os sanitarios.

j) Calquera outro servizo común que, pola súa vinculación coa seguridade portuaria, sexa declarado como servizo xeral por orde da persoa titular da consellaría competente en materia de portos.».

Dez. Engádese un número 6 ao artigo 114, que queda redactado como segue:

«6. O servizo de recepción dos refugallos xerados polos buques será de uso obrigatorio, agás nos supostos previstos na normativa de aplicación.».

Once. Suprímese a letra d) do número 3 do artigo 115.

Doce. Modifícase o número 4 do artigo 116, que queda redactado como segue:

«4. As autorizacións outorgaranse con carácter específico e individualizado para cada un dos servizos que se enumeran no artigo 115.3, agás no relativo aos servizos técnico-náuticos, que se poderán acumular nunha única autorización por motivos derivados da demanda de persoas usuarias existente nun porto ou nunha área portuaria determinada.».

Trece. O número 3 do artigo 127 queda redactado como segue:

«3. As persoas titulares de concesións e autorizacións están obrigadas a desenvolver labores de vixilancia das súas instalacións, adoptando as medidas oportunas para a prevención de infraccións e presentando de xeito inmediato denuncia de se produciren estas. Así mesmo, prestarán asistencia a Portos de Galicia no exercicio da potestade de inspección, de acordo co establecido no Decreto 130/2013, do 12 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e os regulamentos de explotación de cada porto.».

CAPÍTULO VI Política social

Artigo 24. Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Modifícase o número 5 e engádese un número 6 á disposición adicional novena da Lei 13 /2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, coa seguinte redacción:

«5. A consellaría competente en materia de servizos sociais adoptará medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades públicas distintas das recollidas nos números anteriores deste artigo, así como as entidades privadas que sexan titulares ou que xestionen escolas infantís de 0-3 anos, apliquen para o segundo fillo ou filla da unidade familiar e sucesivos/as unha bonificación do 100 % da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa. Entre tales medidas poderá encontrarse o establecemento de subvencións. Nestes casos será a cargo das entidades a contía da bonificación no que exceda da contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.

6. Para os efectos da aplicación do previsto nesta disposición, entenderanse incluídos no concepto de unidade familiar os fillos e fillas maiores de dezaoito anos que convivan no domicilio familiar.».

Artigo 25. Modificación da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade

O número 4 do artigo 5 da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, queda redactado como segue:

«4. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público existentes, así como as respectivas instalacións de servizos e mobiliario urbanos, deberán ser adaptados gradualmente, de acordo cunha orde de prioridades que terá en conta a maior eficacia e a concorrencia ou o tránsito de persoas e as regras e condicións previstas regulamentariamente, e sen prexuízo dos prazos establecidos na normativa básica estatal de aplicación.

Para tal efecto, os entes locais terán que elaborar plans estratéxicos municipais de accesibilidade con formulación das actuacións para adaptar as vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade. Con esta finalidade, os proxectos de orzamentos dos entes públicos deberán conter, en cada exercicio orzamentario, as consignacións específicas para o financiamento destas adaptacións, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.».

CAPÍTULO VII Emprego e igualdade

Artigo 26. Modificación da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia

1. A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Os números 1, 2 e 3 do artigo 35 quedan redactados como segue:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«1. Con carácter xeral, a asemblea xeral terá lugar na localidade onde radique o domicilio social da cooperativa. Establécense as seguintes excepcións:

a) Que se realice de forma telemática.

b) Que a asemblea teña o carácter de universal, en cuxo caso poderá ter lugar en calquera localidade.

c) Que nos estatutos se fixe outro lugar de reunión ou se habilite o órgano de administración para fixar un distinto.

d) Que, por circunstancias sobrevidas, na localidade onde radique o domicilio social da cooperativa non exista un local que permita o normal desenvolvemento da asemblea en condicións de seguridade. O órgano de administración terá que motivar suficientemente esta circunstancia, así como a idoneidade da localidade escollida en termos de facilidade de comunicación respecto da localidade onde a cooperativa ten o domicilio social ou onde residen a maioría das persoas socias.

2. Terán dereito a asistir á asemblea xeral aquelas persoas socias que o sexan na data de realización daquela.

A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados a maioría dos votos, e en segunda convocatoria cando estean presentes ou representadas, polo menos, persoas socias que teñan o 10 % dos votos ou 100 votos.

Para a segunda convocatoria os estatutos sociais poderán fixar un quórum superior, sen superar o establecido para a primeira. Tamén poderán establecer que, calquera que sexa o número de persoas cooperativistas presentes ou representadas na asemblea, esta quedará validamente constituída na segunda convocatoria.

Serve acadar estes quórums ao comezo da sesión para que a presidencia a declare validamente constituída.

3. As reunións da asemblea xeral poderán desenvolverse integramente por videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan a participación a distancia, ou de forma mixta (presencial e por medios telemáticos), sempre e cando todas as persoas que deban ser convocadas teñan posibilidade de acceso. Na convocatoria determinaranse os prazos, as formas e os modos de exercicio dos dereitos por parte das persoas que asistan telematicamente á asemblea.

Cando se convoquen reunións da asemblea xeral para a súa realización por medios telemáticos, o órgano de administración deberá adoptar as medidas necesarias para garantir:

a) A verificación da identidade das persoas asistentes.

b) A acreditación da representación con que actúan, de ser o caso.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

c) O exercicio do dereito de participación con voz e voto, segundo proceda.

d) O sentido dos votos emitidos e o seu cómputo, tendo en conta o voto plural cando proceda.

e) O segredo dos votos, cando deban ter tal carácter.».

Dous. O número 8 do artigo 36 queda redactado como segue:

«8. Aínda que os estatutos non o prevexan, as persoas socias poderán facerse representar por outras persoas socias. Unha mesma persoa poderá actuar en representación de ata dez persoas socias.

No caso de que a persoa representante asista á reunión de forma presencial, a representación acreditarase mediante autorización por escrito autógrafo ou poder especial subscrito polo representado ou representada. No caso de que participe por medios telemáticos, a convocatoria deberá establecer a forma en que se debe acreditar a representación.

En calquera caso, a representación debe outorgarse para cada asemblea, e debe ser verificada polo órgano de intervención da cooperativa ou, na súa falta, pola presidencia e a secretaría.».

Tres. O número 1 do artigo 39 queda redactado como segue:

«1. Os estatutos poderán prever que as competencias da asemblea xeral se exerzan mediante unha asemblea de segundo grao, integrada polos delegados designados en xuntas preparatorias.

Aínda que os estatutos non o prevexan, tamén se poderá aplicar esta modalidade cando nunha cooperativa concorran circunstancias que dificulten a presenza simultánea de todas as persoas socias na asemblea xeral. O órgano de administración xustificará de forma suficiente esta circunstancia e establecerá os criterios de adscrición das persoas socias ás xuntas preparatorias, que se comunicarán xunto coa convocatoria.».

Catro. Engádese unha disposición adicional décima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. Non exixencia de quórum en segunda convocatoria

Excepcionalmente, ata o 31 de decembro de 2021, e con independencia da modalidade de realización da reunión, as asembleas xerais das cooperativas ás que lles sexa de aplicación a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, quedarán validamente constituídas en segunda convocatoria calquera que sexa o número de cooperativistas presentes ou representados, aínda que os estatutos non o teñan establecido.».

Cinco. Engádese unha disposición adicional décimo primeira coa seguinte redacción:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

«Disposición adicional décimo primeira. Prazo para a realización de asembleas xerais e prórroga dos nomeamentos

1. As asembleas xerais das cooperativas ás que lles sexa de aplicación a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, que deberían ter lugar nunha data posterior ao 14 de marzo de 2020 e que non se puideron realizar en cumprimento das medidas ditadas para facer fronte á pandemia da covid-19, poderán celebrarse con data límite do 31 de decembro de 2021.

2. Aqueles nomeamentos para cargos dos órganos sociais das cooperativas ás que lles sexa de aplicación a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, cuxa vixencia finalizase despois do 14 de marzo de 2020 entenderanse prorrogados ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que poidan ser renovados ou separados en calquera momento anterior polo órgano competente.».

2. As modificacións previstas no número anterior serán aplicables directamente ás cooperativas con independencia do que dispoñan os seus estatutos. Non obstante, cando se pretendan modificar os estatutos vixentes, estes deberán adaptarse integramente ao disposto nesta lei.

Corrección de erros. Artigo 26 apartado 1 redactado conforme a corrección de erros publicada no DOG núm. 40, do 1 de marzo de 2021.

Artigo 27. Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro

O texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a denominación do capítulo III do título III, que pasa a ser «A Certificación Galega de Excelencia en Igualdade».

Dous. Modifícase o artigo 72, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 72. Obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade

1. A Certificación Galega de Excelencia en Igualdade é un distintivo a través do cal a Xunta de Galicia lles dá recoñecemento a aquelas empresas que destaquen na aplicación das políticas de igualdade.

2. Poderán optar á cualificación da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, para os seus produtos ou para os seus servizos, as empresas, sexan de capital privado ou sexan de capital público, que teñan o seu domicilio en Galicia ou con axencia, sucursal, delegación ou calquera outra representación en Galicia, sempre e cando, asemade, contratasen persoal en Galicia.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. Co fin de obter a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, as empresas deberán presentar, como mínimo, na consellaría competente en materia de traballo:

a) Documentación acreditativa do cumprimento dos parámetros establecidos regulamentariamente para a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.

b) O plan de igualdade xunto co informe de seguimento e avaliación. A avaliación deberá facerse unha vez que transcorra un ano desde a aprobación do plan de igualdade.

c) Inscrición do plan de igualdade no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos dependentes da Dirección Xeral de Traballo do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social e das autoridades laborais das comunidades autónomas.

d) Rexistro retributivo, de conformidade co Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

e) Outros documentos previstos regulamentariamente.

4. O expediente será tramitado pola unidade administrativa de Igualdade da consellaría competente en materia de traballo, que, ademais de cantas outras medidas xulgue convenientes, solicitará os informes que regulamentariamente se establezan.

5. Así que se teña solicitada toda a devandita información remitiráselle copia do expediente ao órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade, que emitirá informe preceptivo.

6. Por proposta da unidade administrativa de Igualdade e á vista do informe emitido polo órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade, a consellaría competente en materia de traballo concederá a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, especificando na resolución os dereitos e as facultades consecuentes á súa obtención.

7. Regulamentariamente determinarase a denominación e imaxe da certificación; os prazos, procedementos e requisitos para a súa concesión, utilización, renovación e revogación; así como os dereitos e as facultades derivados da súa obtención.».

Tres. Modifícase o artigo 73, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 73. Prohibicións de obtención e revogación da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade

1. A Certificación Galega de Excelencia en Igualdade non se lle concederá, en ningún caso, a unha empresa sancionada por resolución administrativa ou condenada por sentenza xudicial, nos dous anos anteriores á solicitude, por discriminación no emprego ou por unha publicidade sexista.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. A Certificación Galega de Excelencia en Igualdade será retirada en canto a empresa sexa sancionada en resolución administrativa ou sexa condenada en sentenza xudicial por discriminación no emprego ou por unha publicidade sexista.

3. Mentres non sexan firmes a resolución administrativa ou a sentenza xudicial, suspenderase necesariamente o procedemento de concesión e, de ser o caso, poderase acordar a suspensión dos dereitos e das facultades inherentes á Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.».

Catro. Suprímense os artigos 74, 75 e 76.

Cinco. As referencias contidas nesta norma á Marca Galega de Excelencia en Igualdade entenderanse realizadas á Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.

Seis. O artigo 89 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 89. Permiso por lactación

1. A Administración pública galega recoñece ao persoal ao seu servizo o dereito a unha hora de ausencia do posto de traballo, que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio e ao final da xornada, ou nunha hora ao inicio ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.

O permiso recollido neste precepto constitúe un dereito individual do persoal, sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor, adoptante, gardador ou acolledor.

2. Nos supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, o dereito ao permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor non teña feitos os doce meses.

3. Poderase solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente. Esta modalidade poderase gozar unicamente a partir da finalización do permiso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica respectivo, ou unha vez que, desde o nacemento do menor, transcorrese un tempo equivalente ao que comprenden os citados permisos.

4. Nos supostos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos.».

Sete. O artigo 94 queda modificado como segue:

«Artigo 94. Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

1. Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla, o persoal da Administración pública galega que non estea a gozar do permiso por parto, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de dezaseis semanas, das cales as seis semanas inmediatas posteriores ao feito causante serán en todo caso de descanso obrigatorio.

Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo ou filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples, do que se gozará a partir da data do nacemento ou da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Este permiso poderá ser distribuído polo proxenitor que vaia gozar del sempre que as seis primeiras semanas sexan ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento ou da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas, o período de desfrute deste permiso poderá levarse a cabo de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou filla faga os doce meses. No caso do desfrute interrompido requirirase, para cada período de desfrute, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

No caso de que se optase polo gozo do presente permiso con posterioridade á semana dezaseis do permiso por nacemento, se o proxenitor que desfruta deste último permiso solicitar a acumulación do tempo de lactación dun fillo menor de doce meses en xornadas completas do permiso regulado no artigo 112, será á finalización dese período cando se dará inicio ao cómputo das dez semanas restantes do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a seguir do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato estea hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

Durante o gozo deste permiso, transcorridas as seis primeiras semanas ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

2. O permiso previsto neste artigo é independente do uso compartido do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3. O persoal que estea a gozar do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode facer uso do permiso previsto neste artigo inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel nos seguintes supostos:

a) Cando a persoa titular do dereito falecese antes da utilización íntegra do permiso.

b) Se a filiación do outro proxenitor non está determinada.

c) Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, se lle recoñecese á persoa que estea a gozar del a garda do fillo ou da filla.

4. Do permiso previsto neste artigo pode facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.».

CAPÍTULO VIII Deporte

Artigo 28. Modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra h) do número 1 do artigo 5, que queda redactada como segue:

«h) Aprobar os estatutos das entidades deportivas, así como os regulamentos electorais, os regulamentos de licenzas e os regulamentos relativos ao funcionamento interno das federacións deportivas.».

Dous. Modifícase a letra e) do artigo 47, que queda redactada como segue:

«e) Réxime de adopción de acordos e medios para a súa impugnación.».

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 57, que queda redactado como segue:

«1. Realizar ou solicitar auditorías financeiras ou de xestión ou operativas, inspeccionar os libros e documentos oficiais que compoñan a contabilidade e organización da federación, para o que se poderá solicitar dos órganos federativos toda a información que se xulgue conveniente sobre estes e, en xeral, sobre as decisións ou os acordos adoptados pola presidenta ou polo presidente, pola asemblea xeral ou por calquera outro órgano, unipersoal ou colexiado, da estrutura federativa.».

Catro. Modifícase o número 6 do artigo 61, que queda redactado como segue:

«6. A Administración autonómica poderá someter a xestión, a contabilidade e o estado económico-financeiro das federacións deportivas galegas a unha auditoría ou verificación

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

contable, previa ou posteriormente á concesión de subvencións e axudas, consonte o estipulado no artigo 57.1. Así mesmo, a Administración autonómica establecerá mecanismos ou plans de viabilidade respecto das federacións deportivas cuxos indicadores presenten unha situación que poida comprometer a súa viabilidade.».

Cinco. Modifícase a letra a) do número 1 do artigo 93, que queda redactada como segue:

«a) Disciplina deportiva.».

Seis. Suprímense as letras b), k) e l) do artigo 117.

CAPÍTULO IX Subvencións

Artigo 29. Modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Gal icia

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, queda modificada como segue:

Modifícase a letra a) do número 2 do artigo 2, que queda redactada como segue:

«a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial.».

CAPÍTULO X Transparencia e bo goberno

Artigo 30. Modificación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Modifícase o número 5 do artigo 45 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que queda redactado como segue:

«5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberase pronunciar sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberállelo comunicar tanto á persoa afectada coma á entidade en que pretenda prestar os seus servizos. As resolucións que recoñezan a compatibilidade con actividade privada serán publicadas no Portal de transparencia e Goberno aberto.

A Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas será a competente para instruír o procedemento. Como trámite preceptivo, deberá solicitar informe á consellaría ou organismo en que a persoa declarante cesase como alto cargo. O dito informe deberá ser emitido no prazo máximo de 10 días.

Cando a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas considere que a actividade privada que pretende desenvolver a persoa que ocupou o alto cargo vulnera o establecido nos

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

números 1 e 3 deste artigo, comunicárllelo á persoa interesada e á entidade na cal pretende prestar servizos, e concederalles un prazo máximo de dez días para que realicen as alegacións que xulguen oportunas ao respecto. Analizadas as alegacións, a Oficina propoñeralle á persoa titular do centro directivo competente en materia de función pública a resolución que proceda.»

CAPÍTULO XI Consumo

Artigo 31. Modificación da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias

Engádese un número 43 ao artigo 82 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, coa seguinte redacción:

«43. Non devolución aos consumidores das cantidades indebidamente cobradas, en especial como consecuencia da aplicación de cláusulas abusivas, ou a realización de prácticas abusivas.».

CAPÍTULO XII Procedemento e organización administrativos

Artigo 32. Modificación da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública

A Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra a) do número 1 do artigo 3, que queda redactada como segue:

«a) Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, convocadas de conformidade co disposto na normativa de emprego público aplicable, e doutras administracións públicas que, mediando convenio, llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.».

Dous. Modifícase a letra f) do número 3 do artigo 7, que queda redactada como segue:

«f) En representación do persoal empregado público, unha persoa, coa condición de persoal empregado público, designada por cada unha das organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa renovación terá lugar cada vez que se celebren eleccións sindicais no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.».

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 8, que queda redactado como segue:

«1. O funcionamento do Consello Reitor axustarase ao que dispón, en materia de órganos colexiados, a normativa básica estatal e a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.»

Catro. As referencias contidas na Lei 4/1987, do 27 de maio, á Consellería da Presidencia, ao conselleiro da Presidencia e Administración Pública e ao conselleiro da Presidencia entenderanse feitas á consellaría competente en materia de administración pública e á persoa titular da consellaría competente en materia de administración pública, respectivamente.

Artigo 33. Modificación da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública

O artigo 17 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, queda redactado como segue:

«Artigo 17. Réxime de revisión de actos administrativo

1. Os actos administrativos ditados polos órganos de goberno e administración da Academia Galega de Seguridade Pública esgotan a vía administrativa e poderán ser obxecto de recurso de reposición perante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

2. O recurso extraordinario de revisión poderá interpoñerse ante o órgano administrativo que ditou o acto obxecto de recurso, que tamén será o competente para a súa resolución, de acordo co procedemento específico previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Correspóndelle á persoa titular da consellaría competente en materia de interior e xustiza, respecto dos actos ditados polos órganos superiores de goberno da Academia, a competencia para resolver os procedementos de revisión de oficio dos actos administrativos nulos, declarar a lesividade dos actos anulables e revogar os actos de gravame ou desfavorables.».

Artigo 34. Modificación da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Gali cia

O artigo 23 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, queda redactado como segue:

«Artigo 23. Órganos unipersoais

1. A presidencia da Axencia Galega de Emerxencias corresponderalle, por razón do seu cargo, á persoa titular da consellaría de adscrición.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2. A vicepresidencia corresponderalle á persoa titular do centro directivo da consellaría de adscrición, competente en materia de protección civil e emerxencias, que designe a persoa titular desta última consellaría. Corresponderalle á persoa titular da vicepresidencia a dirección e coordinación das funcións atribuídas á Axencia Galega de Emerxencias.

3. A xerencia é o órgano executivo da Axencia Galega de Emerxencias e compételle a súa xestión ordinaria. A persoa titular da xerencia será nomeada e removida polo Consello Reitor, por proposta da presidencia, e o seu cargo será incompatible con calquera outra actividade pública ou privada.».

Artigo 35. Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, queda redactada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 35 bis, que queda redactado como segue:

2. O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia é competente para:

a) O coñecemento e a resolución dos recursos especiais en materia de contratación a que se refiren o artigo 44 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e das reclamacións referidas no artigo 119 e 120 do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.

b) A adopción de decisións sobre a solicitude de medidas provisionais a que se refiren o artigo 49 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e o artigo 120.1.b) do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.

c) Calquera outra competencia que lle atribúa a normativa da Unión Europea, a normativa estatal básica ou a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.».

Dous. As letras a), c) e d) do número 3 do artigo 35 bis quedan redactadas como segue:

«a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico que teñan a consideración de poder adxudicador, conforme o disposto

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

no artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.».

«c) As entidades locais do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus entes, organismos e entidades vinculados ou dependentes que teñan a consideración de poder adxudicador, de acordo co establecido no artigo 46.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.».

«d) As entidades contratantes do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia recollidas no artigo 5.1 do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.».

Tres. Os números 2, 3, 8 e 9 do artigo 35 ter quedan redactados como segue:

«2. As resolucións do Tribunal adoptaranse por maioría dos seus membros. No caso de empate, decidirá o voto do presidente. Todos os membros teñen dereito a formular o seu voto particular razoado mediante escrito que se xuntará á resolución.».

«3. O presidente do Tribunal deberá ser funcionario de carreira que conte con título de licenciatura ou grao en Dereito e que desempeñase a súa actividade profesional por tempo superior a dez anos, e valorarase a súa experiencia profesional no ámbito da contratación pública.».

«8. Na designación dos membros do Tribunal procurarase unha composición de xénero equilibrada, segundo o previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.».

«9. O Consello da Xunta de Galicia poderá incrementar o número de vogais que teñan que integrar o Tribunal cando o volume de asuntos sometidos ao seu coñecemento o aconselle, sempre que cumpran os requisitos sinalados nos puntos anteriores, ou adoptar outras medidas de reforzo que considere oportunas.».

Os actuais números 3, 4, 5, 6, 9 e 10 pasan a ser, respectivamente, os números 4, 5, 6, 7, 10 e 11.

Catro. Modifícanse os números 1, 3 e 4 do artigo 35 quater, que quedan redactados como segue:

«1. A duración do mandato dos membros do Tribunal será de seis anos. Malia o anterior, a primeira renovación do Tribunal realizarase de forma parcial aos tres anos do nomeamento.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Respecto disto, determinarase, mediante sorteo, o membro que deba cesar, agás que algún voluntariamente se queira acoller a esta expiración do seu mandato.».

«3. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal dalgún dos membros do Tribunal, o órgano colexiado poderá constituírse coa asistencia dos restantes. Para estes efectos, o presidente será substituído de acordo co establecido no artigo 16.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, caso de que a ausencia se poida prever de longa duración, o Consello da Xunta de Galicia poderá nomear un substituto de forma temporal que reúna os mesmos requisitos requiridos para a persoa titular.».

«4. Os membros do Tribunal desenvolverán a súa función en réxime de dedicación exclusiva e estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades que corresponde aos altos cargos da Xunta de Galicia.».

Cinco. Modifícase o artigo 35 quinquies, que queda redactado como segue:

«Artigo 35 quinquies. Réxime de funcionamento

1. Serán aplicables ao réxime de constitución e funcionamento do Tribunal as disposicións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e o resto da normativa aplicable.

2. As resolucións que dite o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia esgotan a vía administrativa e contra elas poderase recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa.

3. A presentación dos escritos de interposición dos recursos e reclamacións, de alegacións ou de solicitudes da competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia farase por medios electrónicos.

4. As comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para resolver os recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento faranse por medios electrónicos, e de acordo co disposto na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no que sexa de aplicación.

5. O sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal é o enderezo electrónico habilitado para os efectos do artigo 51.1.e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

6. O Tribunal terá unha páxina web con enlaces aos formularios para a presentación telemática dos recursos da súa competencia a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e onde, coa periodicidade que se considere conveniente, se publiquen as resolucións

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

que resolvan aqueles. Tamén se procurará a elaboración dunha memoria anual de actividade para publicar na web.

7. No caso de falta de pagamento das multas previstas no artigo 56.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o organismo ou centro directivo competente da Xunta de Galicia iniciará o procedemento administrativo de constrinximento. O importe da multa imposta ingresarase en todo caso no Tesouro público.

8. O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia poderá elaborar e aprobar o seu propio regulamento interno, que deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia.».

Artigo 36. Fundacións de carácter feiral de Galicia

As fundacións de carácter feiral nas que concorra algunha das circunstancias previstas no número 1 do artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou que deban ser adscritas á Administración xeral da Comunidade Autónoma de acordo cos criterios establecidos no artigo 129 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e que non teñan efectuada a adaptación dos estatutos de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberán adaptalos para dar cumprimento ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, e, en particular, ao disposto no seu artigo 113.3 en canto á composición dos seus órganos de goberno, de forma que a designación da maioría dos membros corresponda á Administración pública autonómica.

Transcorridos tres meses desde a entrada en vigor desta lei sen que o órgano de goberno da fundación de carácter feiral aprobase a modificación prevista no parágrafo anterior, deberá convocarse unha reunión extraordinaria do respectivo órgano de goberno con este obxecto, por instancia dos membros designados pola Administración autonómica e/ou entidades instrumentais do sector público autonómico, na que o acordo da modificación estatutaria se adoptará por maioría de voto dos membros do órgano de goberno ponderado en función da porcentaxe de participación no fondo patrimonial das administracións, entidades ou institucións que os designaron.

Disposición adicional primeira. Complemento persoal de mantemento das retribucións en concepto de antigüidade

O persoal laboral fixo procedente das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que, mediante o procedemento establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime xurídico aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia, que sexan obxecto de creación,

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

adaptación ou extinción, se integre como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia e que, en virtude do seu convenio colectivo de orixe, perciba en concepto de antigüidade unhas cantidades superiores ás establecidas polo mesmo concepto no Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, terá dereito a un complemento adicional e independente do complemento persoal de integración establecido na disposición transitoria primeira do dito Decreto 129/2012, do 31 de maio. Este complemento consistirá na diferenza positiva entre a cantidade percibida por antigüidade no momento anterior á dita integración e a cantidade resultante de aplicar o establecido no número 5 do artigo 12 do devandito decreto.

Este complemento permanecerá coa mesma contía independentemente das variacións nos restantes conceptos retributivos e manterase incluso no caso de funcionarización deste persoal laboral integrado.

Disposición adicional segunda. Medidas especiais en materia de procesos selectivos ou de provisión derivadas da situación de emerxencia sanitaria

Entenderase que a situación de emerxencia sanitaria derivada da pandemia da covid-19 constitúe unha causa de forza maior que xustifica, naqueles procesos selectivos ou de provisión que, pola dita causa, non poidan desenvolverse regularmente, e tanto se están convocados no momento da entrada en vigor desta lei como se son convocados con posterioridade, a adopción motivada pola persoa titular da consellaría competente en materia de función pública, educación ou sanidade, segundo o persoal de que se trate, entre outras, das seguintes medidas:

a) A ampliación dos distintos prazos de realización dos exercicios dos procesos selectivos ata que a situación derivada da pandemia permita un adecuado desenvolvemento deles.

b) A realización dos exercicios dos procesos selectivos en distintas quendas, con distintos exercicios sobre o mesmo temario, así como a realización dos exercicios en distintas sedes, distribuíndose as persoas aspirantes da forma que determine o órgano convocante dos procesos, sempre que, en todo caso, quede garantido o respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso ao emprego público.

c) A fixación de datas alternativas para a realización de exercicios de procesos selectivos a persoas aspirantes que non poidan participar neles na data inicialmente sinalada por estaren cumprindo unha medida de illamento ou en corentena que teñan prescrita por ser persoa infectada por covid-19 ou contacto estreito, debendo fixarse a data alternativa con garantías de non alteración do desenvolvemento normal do correspondente proceso selectivo.

d) A ampliación dos distintos prazos para a resolución dos procesos de provisión.

e) A posibilidade de alterar a orde de realización das probas dos procesos selectivos.

f) A adopción de calquera outra medida, debidamente xustificada, por proposta da autoridade sanitaria autonómica competente.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposición adicional terceira. Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino derivadas da situación de emerxencia sanitaria

Como consecuencia das circunstancias excepcionais ocasionadas pola declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia derivada da pandemia da covid-19, e para garantir a prestación de funcións relacionadas coa atención á dita emerxencia, adóptanse as seguintes medidas en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino:

No suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, ou, de ser o caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes ás indicadas, poderá solicitarse directamente do Servizo Público de Emprego, sen prexuízo dos demais procedementos establecidos, ou acudir opcionalmente á relación de penalizados da categoría profesional, corpo ou escala correspondente que solicitaron a reincorporación, ou aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estean publicadas as listas definitivas e lles corresponda ser admitidos, ou á relación de penalizados que non solicitaron a reincorporación.

Ademais, en postos pertencentes á categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3), poderase acudir a persoal doutras listas de contratación temporal do grupo IV que estean en posesión do título de formación profesional de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente.

Excepcionalmente, no caso de que non for posible a cobertura de postos da categoría profesional de auxiliar de clínica (IV-3) polos procedementos previstos nos parágrafos anteriores, poderán seleccionarse candidatos que teñan cursados e superados os estudos correspondentes para a obtención do título de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente, e o acrediten documentalmente, sempre que cumpran o resto dos requisitos exixidos para o acceso á categoría.

2. Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II, e 3 do grupo IV, ou para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, non existan candidatos que estean en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos exixidos para o acceso á categoría de que se trate.

3. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia terá unha duración de seis meses.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4. A solicitude de reincorporación formulada polas persoas integrantes das listas que solicitasen previamente a suspensión das citacións, por non estaren prestando servizos a través delas, producirá efectos ao día seguinte ao da súa presentación.

5. O establecido nesta disposición ten vixencia limitada á duración da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020.

Disposición adicional cuarta. Medidas especiais, derivadas da situación de emerxencia sanitaria, en materia de procesos de selección fixa convocados polo Servizo Galego de Saúde

Nas convocatorias dos procesos selectivos para o acceso á condición de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, das categorías sanitarias e de xestión e servizos con atención directa ao usuario, que se aproben a partir da entrada en vigor da presente disposición valorarase como mérito a prestación efectiva de servizos durante a situación de emerxencia sanitaria orixinada polo novo coronavirus SARS-CoV-2 (covid-19), nos termos que se determinen e logo de negociación coas organizacións sindicais.

O disposto no apartado anterior non resultará de aplicación aos procesos actualmente en tramitación nos que a data límite para o cómputo de méritos da fase de concurso sexa anterior á declaración da situación de emerxencia sanitaria.

Disposición adicional quinta. Ampliación do prazo para a posta en marcha das emisións e pagamento da taxa do servizo de comunicación audiovisual de televisión correspondente ás adxudicacións transformadas en licenzas

O prazo para responder das obrigas e para materializar os compromisos asumidos nas ofertas presentadas e para acreditar o cumprimento das obrigas contidas no prego de bases e na normativa reguladora para a posta en marcha das emisións e pagamento da taxa indicado na disposición adicional terceira da Lei 2/2017, queda ampliado en dous anos, que se contarán desde a finalización do prazo anterior.

Disposición transitoria única. Aplicación do réxime de vixencia da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade

Mentres non se efectúe o desenvolvemento regulamentario da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade manterase en vigor o disposto sobre esta materia no Decreto 33 /2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego en todo o que non se opoña a esta lei e entendendo as referencias á Marca Galega de Excelencia en Igualdade como realizadas á Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

1. Queda expresamente derrogado o número 1 da disposición adicional primeira da Lei 5 /2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

2. Quedan, así mesmo, derrogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. Modificacións regulamentarias

As previsións do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, e do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, que son obxecto de modificación pola presente lei poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira segunda. Adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia

As medidas previstas na nova disposición adicional sexta da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, resultarán de aplicación nos espazos protexidos Rede Natura 2000 de Galicia desde o momento da entrada en vigor desta lei, sen prexuízo da ulterior adaptación do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, ás previsións contidas na dita disposición adicional.

Disposición derradeira terceira. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Habilítase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor

1. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

2. Exceptúase da anterior previsión a regulación da nova tarifa X-6, relativa ao servizo de recepción de refugallos xerados por buques, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022.

Santiago de Compostela, vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e un

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.